Actividades na empresa. - Actividades que se desenvolverán na empresa.		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Supervisar diferentes zonas e áreas de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecemento de traballo nos diferentes espazos e áreas definidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.1</li> <li>• OU.2</li> <li>• OU.3</li> <li>• OU.4</li> <li>• OU.5</li> <li>• OU.6</li> <li>• OU.7</li> <li>• OU.8</li> <li>• OU.9</li> <li>• OU.10</li> <li>• OU.11</li> <li>• OU.12</li> <li>• OU.13</li> <li>• OU.14</li> <li>• OU.15</li> <li>• OU.16</li> <li>• OU.17</li> <li>• OU.18</li> <li>• OU.19</li> <li>• OU.20</li> <li>• OU.21</li> <li>• OU.22</li> <li>• OU.23</li> <li>• OU.24</li> <li>• OU.25</li> </ul>	25,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.26</li> <li>• OU.27</li> <li>• OU.28</li> <li>• OU.29</li> <li>• OU.30</li> <li>• OU.31</li> <li>• OU.32</li> <li>• OU.33</li> <li>• OU.34</li> <li>• OU.35</li> <li>• OU.36</li> <li>• OU.37</li> <li>• OU.38</li> <li>• OU.39</li> </ul>	
<b>TOTAL</b>						<b>25,0</b>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Boas prácticas na manipulación de alimentos	10

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Establece e supervisa procedementos de manipulación de alimentos, tendo en conta as normas hixiénico-sanitarias, os protocolos e as boas prácticas hixiénicas	NO

**4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer a normativa xeral da hixiene aplicable a actividade	1	Mantemento das boas practicas na manipulacion de alimentos	10,0
1.2 Identificar os perigos asociados a manipulación de alimentos e ao consumo de alimentos			
<b>TOTAL</b>			<b>10</b>

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Recoñecéronse as normas hixiénico-sanitarias de obrigado cumprimento relacionadas coas prácticas hixiénicas e a manipulación de alimentos	• PE.1	S	15
CA3.2 Identifícanse os perigos sanitarios asociados aos malos hábitos e as súas medidas de prevención	• PE.2	S	15
CA3.3 Recoñecéronse todos os comportamentos e as actitudes susceptibles de producir unha contaminación nos alimentos	• PE.3	S	15
CA3.4 Enumeráronse as doenzas de obrigada declaración	• PE.4	N	5
CA3.5 Identifícanse os medios de protección de cortes, queimaduras e feridas da persoa manipuladora	• PE.5	S	5
CA3.6 Establecéronse os procedementos de manipulación de alimentos nas actividades que se realizan no establecemento comercial	• TO.1	N	5
CA3.7 Establecéronse as medidas preventivas que garantan a inocuidade dos alimentos	• TO.2	N	5
CA3.8 Realizáronse os controis hixiénico-sanitarios durante o proceso de manipulación de alimentos atendendo aos protocolos establecidos	• TO.3	N	5
CA3.9 Comprobase a aplicación das medidas de hixiene persoal, de vestiario e de equipamentos de protección individual requiridas na manipulación de alimentos, e detectáronse e corrixíronse as prácticas inadecuadas	• TO.4	N	10
CA3.10 Supervisouse que os procedementos de actuación fronte a alertas alimentarias respecten o protocolo definido para os establecementos comerciais	• TO.5	N	5
CA3.11 Supervisáronse os procedementos de actuación ante a contaminación cruzada, riscos e toxiinfeccións de orixe alimentaria	• PE.6	S	10
CA3.13 Estableceuse o protocolo de recollida de mostras testemuña	• PE.7	N	5
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.2.e) Contidos**

Contidos
<p>Procedementos na manipulación de alimentos. Aplicación de normativa hixiénico-sanitaria.</p> <p>Establecemento de medidas preventivas. Controis hixiénico-sanitarios.</p> <p>Alteración e contaminación dos alimentos debido a hábitos pouco adecuados das persoas manipuladoras.</p> <p>Guías de prácticas correctas de hixiene, coas súas recomendacións e os contidos mínimos para o sector.</p> <p>Protocolos de actuación fronte a alertas sanitarias.</p> <p>Protocolo de actuación fronte a contaminacións cruzadas. Riscos e toxiinfeccións de orixe alimentaria. Identificación do punto crítico ou lote orixe da alteración.</p> <p>Condições hixiénico-sanitarias. Propostas de mellora e achegas do persoal.</p> <p>Protocolo de recollida de mostras testemuña. Método, identificación, características da mostra. Recipientes. Tempo de conservación da mostra.</p>

**4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Mantemento das boas practicas na manipulacion de alimentos - Nesta unidade aprenderemos a coñecer as boas prácticas na manipulacion de alimentos ;As toxiinfeccións alimentarias e a contaminación cruzada.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explica o material didáctico. Realiza cuestións e resolve dúbidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Atende ás explicacións. Realiza as tarefas. Pregunta dúbidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apuntes e cuestionarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula polivalente coa dotacion habitual (mesas, cadeiras, ordenador e prosector, pizarra...)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1</li> <li>• PE.2</li> <li>• PE.3</li> <li>• PE.4</li> <li>• PE.5</li> <li>• PE.6</li> <li>• PE.7</li> <li>• TO.1</li> <li>• TO.2</li> <li>• TO.3</li> <li>• TO.4</li> <li>• TO.5</li> </ul>	10,0
<b>TOTAL</b>						<b>10,0</b>

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Plan de limpeza no comercio alimentario	10

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora e realiza o seguimento do plan de limpeza dos equipamentos e das instalacións que se utilizan no comercio alimentario, establecendo as condicións de salubridade e hixiene necesarias adecuadas á lexislación	SI

**4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer os sistemas e métodos de limpeza e desinfección de instalacións, equipos e materiais.	1	Limpeza e desinfección de equipos e instalacións. Control de plagas	10,0
1.2 Identificar as causas que poden provocar a aparición de pragas e coñecer as medidas preventivas.			
<b>TOTAL</b>			<b>10</b>

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Establecéronse os requisitos hixiénico-sanitarios que deben cumprir os equipamentos, os utensilios e as instalacións de manipulación de alimentos	• PE.1	S	15
CA1.2 Determináronse os procedementos, o persoal que debe executar a tarefa, os produtos, os desinfectantes e os equipamentos de limpeza e desinfección (L+D), así como as súas condicións de emprego	• PE.2	S	15
CA1.3 Planifícanse os tratamentos de desratización, desinsectación e desinfección (DDD)	• PE.3	N	10
CA1.4 Organízanse as frecuencias de limpeza establecidas pola normativa	• PE.4	S	15
CA1.5 Supervisouse e comprobouse a calidade hixiénico-sanitaria na limpeza dos equipamentos e instalacións que se utilizan no comercio alimentario	• TO.1	N	10
CA1.6 Supervisouse o rexistro da información relevante e incidencias detectadas ou arranxadas do plan de limpeza e de desinfección	• TO.2	N	10
CA1.7 Verificouse que as medidas correctivas propostas arranxen as incidencias detectadas	• TO.3	N	10
CA1.8 Avaliáronse os perigos de contaminación química asociados á manipulación e ao almacenamento de produtos de limpeza, desinfección e tratamentos DDD	• PE.5	S	15
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Requisitos hixiénico-sanitarios: equipamentos, utensilios e instalacións na manipulación de alimentos.
Organización dos equipos de limpeza e desinsectación: procedementos, persoal, produtos, desinfectantes e equipamentos de limpeza e desinfección (L+D).
Planificación e tratamentos de desratización, desinsectación e desinfección (DDD). Frecuencia. Normativa.
Supervisión e comprobación da calidade hixiénico-sanitaria na limpeza de equipamentos e instalacións.



Contidos
Supervisión do rexistro de incidencias do plan de limpeza e desinfección.
Verificación de medidas correctivas propostas.
Valoración dos perigos de contaminación química asociados á manipulación e ao almacenamento de produtos de limpeza, desinfección e tratamentos DDD.

**4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Limpeza e desinfección de equipos e instalacións. Control de plagas - Coñeceranse as condicións que deben reunir os locais, instalacións e materiais según a regulamentación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explica material didáctico. Realiza cuestións e resolve dúbidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Atende ás explicacións. Realiza as tarefas. Pregunta dúbidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes e cuestionarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula polivalente coa dotación habitual (mesas, cadeiras, ordenador e proxector, pizarra...)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1</li> <li>PE.2</li> <li>PE.3</li> <li>PE.4</li> <li>PE.5</li> <li>TO.1</li> <li>TO.2</li> <li>TO.3</li> </ul>	10,0
<b>TOTAL</b>						<b>10,0</b>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Seguridade alimentaria e APPCC	15

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Establece os sistemas de autocontrol de seguridade alimentaria baseados na análise de perigos e puntos de control crítico (APPCC) e da rastrexabilidade, delimitando as variables para controlar que garantan a inocuidade e a calidade dos alimentos	SI

**4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar e coñecer a terminoloxía empregada nos sistemas de APPCC.	1	Sistemas de autocontrol (APPCC)	15,0
<b>TOTAL</b>			<b>15</b>

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Documentáronse e rastrexáronse a orixe, as etapas do proceso e o destino do alimento	• PE.1	S	15
CA2.2 Realizáronse os controis que identifiquen os perigos que poden aparecer en cada etapa do proceso	• PE.2	S	15
CA2.3 Detectáronse os perigos que determinan os puntos críticos de control e o límite crítico	• PE.3	S	20
CA2.4 Establecéronse as medidas de control e as accións correctivas que aseguren a seguridade do sistema	• PE.4	N	14
CA2.5 Aplicáronse as principais normas voluntarias implantadas no sector alimentario	• TO.1	N	12
CA2.6 Relacionouse o contido das guías de boas prácticas de hixiene alimentaria e ambiental co seu uso no comercio	• PE.5	N	12
CA2.7 Elaborouse e actualizouse a documentación asociada a un plan de autocontrol de APPCC dun comercio alimentario	• TO.2	N	12
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Documentación e rastrexabilidade do alimento que cumpra comercializar. Orixe, etapas e destino.
Controis de perigos potenciais: físicos, químicos e biolóxicos. Detección de perigos.
Puntos críticos de control. Límite crítico.
Establecemento de medidas de control e accións correctivas. Seguridade do sistema.
Aplicación de normativa voluntaria do sector alimentario: BRC, IFS, UNE-EN ISO 9001:2000 e UNE-EN ISO 22000: 2005.
Guías de boas prácticas de hixiene alimentaria e ambiental.

**Contidos**

Elaboración e actualización da documentación asociada a unha APPCC.

**4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Sistemas de autocontrol (APPCC) - Nesta unidade identificaremos os sistemas de autocontrol (APPCC)	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explica material didáctico. Realiza cuestións e resolve dúbidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Atende ás explicacións. Realiza as tarefas. Pregunta dúbidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes e cuestionarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula polivalente coa dotación habitual (mesas, cadeiras, ordenador e proxector, pizarra...)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1</li> <li>PE.2</li> <li>PE.3</li> <li>PE.4</li> <li>PE.5</li> <li>TO.1</li> <li>TO.2</li> </ul>	15,0
<b>TOTAL</b>						<b>15,0</b>

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Xestión e tratamento dos residuos de orixe animal	10

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Xestiona os recursos eficientemente e xestiona o tratamento dos residuos e subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano (SANDACH) de xeito selectivo, recoñecendo as súas implicacións a nivel sanitario e ambiental	SI

**4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as vantaxes do concepto de redución co impacto ambiental que provoca. 1.2 Identificar as enerxías e os recursos de utilización menos perxudiciais para o ambiente. 1.3 Coñecer os plans de control de residuos.	1	Residuos e subprodutos de orixen animal non destinados ao consumo humano	10,0
<b>TOTAL</b>			<b>10</b>

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Relacionouse o consumo de cada recurso co impacto ambiental que provoca	• PE.1	S	10
CA4.2 Definíronse as vantaxes que o concepto de redución de consumos achega á protección ambiental	• PE.2	N	5
CA4.3 Descríronse as vantaxes ambientais do concepto de reutilización dos recursos	• PE.3	N	5
CA4.4 Recoñecéronse as enerxías e os recursos de utilización menos prexudiciais para o ambiente	• PE.4	S	10
CA4.5 Caracterizáronse os métodos para o aforro de enerxía e do resto de recursos que se utilicen no comercio alimentario	• PE.5	N	5
CA4.6 Identificáronse as non-conformidades e as accións correctoras relacionadas co consumo dos recursos	• PE.6	N	5
CA4.7 Estableceuse o plan de control de residuos xerados no establecemento comercial, atendendo á súa clase, á súa clasificación e ao seu transporte	• PE.7	N	10
CA4.8 Garantiuse que o tratamento dos subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano (SANDACH) cumpra os requisitos normativos en todas as fases de manipulación, almacenamento, recollida e transporte	• PE.8	N	5
CA4.9 Clasifícanse en contedores os tipos de residuos xerados, segundo a súa orixe, o tipo, o estado e a necesidade de reciclaxe, depuración e tratamento	• PE.9	S	10
CA4.10 Controlouse a rastrexabilidade do tratamento de residuos SANDACH, levando o rexistro de envíos e da documentación comercial e sanitaria establecida	• PE.10	N	5
CA4.11 Supervisouse a recollida dos produtos caducados e dos que non se usen finalmente para o consumo humano, para o seu tratamento de xestión de residuos ou SANDACH	• PE.11	N	5
CA4.12 Supervisouse a aplicación das técnicas de recollida, selección, clasificación e eliminación ou vertedura de residuos	• PE.12	N	5
CA4.13 Controláronse as non-conformidades e as accións correctivas relacionadas coa xestión dos residuos	• PE.13	N	5

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.14 Supervísouse a sinalización e a manobra das zonas onde se sitúan os contedores, así como a súa diferenciación, segundo o grao de perigo, o tipo, a provisionalidade, etc	• PE.14	N	5
CA4.15 Supervísáronse a sinalización e a manobrabilidade das zonas onde se sitúan os contedores	• PE.15	N	5
CA4.16 Diferenciáronse os contedores en función do seu contido e provisionalidade	• PE.16	N	5
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Impacto ambiental provocado polo comercio alimentario.</p> <p>Diferenciación dos contedores segundo o grao de perigo, o tipo e a provisionalidade.</p> <p>Concepto dos tres erres: redución, reutilizacit e reciclaxe (RRR).</p> <p>Metodoloxías para a redución do consumo dos recursos.</p> <p>Plan de control de residuos xerados no establecemento comercial: tipos, clasificación e transporte.</p> <p>Tratamento de SANDACH. Requisitos normativos: manipulación, almacenamento, recollida e transporte.</p> <p>Clasificación segundo tipos de residuos, orixe, estado, reciclaxe, depuración e tratamento. Contedores de SANDACH.</p> <p>Supervisión das técnicas de recollida de produtos caducados. Tratamento e xestión.</p> <p>Control das non-conformidades. Accións correctivas relacionadas coa xestión dos residuos.</p> <p>Supervisión da sinalización e da manobrabilidade das zonas de localización de contedores.</p>

#### 4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos		Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividade (título e descrición)				Recursos		

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Residuos e subproductos de orixen animal non destinados ao consumo humano - Nesta unidade aprenderemos a xestionar os recursos eficientemente e a xestionar o tratamento dos residuos e subproductos de orixen animal (SANDACH)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación do material didáctico. Realiza cuestións e resolve dúbidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Atende ás explicacións. Realiza as tarefas. Pregunta dúbidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apuntes e cuestionarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula polivalente coa dotación habitual (mesas, cadeiras, ordenador e proxeutor, pizarra...)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1</li> <li>• PE.2</li> <li>• PE.3</li> <li>• PE.4</li> <li>• PE.5</li> <li>• PE.6</li> <li>• PE.7</li> <li>• PE.8</li> <li>• PE.9</li> <li>• PE.10</li> <li>• PE.11</li> <li>• PE.12</li> <li>• PE.13</li> <li>• PE.14</li> <li>• PE.15</li> <li>• PE.16</li> </ul>	10,0
					<b>TOTAL</b>	<b>10,0</b>

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Formación en empresa.	10

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Establece os sistemas que determinan a calidade dos produtos alimentarios expostos para a venda, garantindo as súas condicións organolépticas e de sustentabilidade	SI

**4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Realización práctica dos CA	1	Actividades na empresa.	10,0
<b>TOTAL</b>			<b>10</b>

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Planifícanse as accións do proceso de verificación da calidade dos produtos alimentarios en función das súas características, para garantir a idoneidade para o seu consumo	• OU.1	S	18
CA1.2 Defínense as accións de non-conformidade do produto alimentario en función das súas condicións, das ofertas e da sección de venda pertinente	• OU.2	S	15
CA1.3 Determinouse e comprobouse o estado dos produtos frescos, atendendo ás súas características organolépticas	• OU.3	S	15
CA1.4 Determinouse e comprobouse o estado dos produtos sustentables, de comercio xusto e de gourmet, garantindo que se manteñan as súas características organolépticas	• OU.4	N	10
CA1.5 Determinouse e comprobouse o estado dos produtos para clientela con doenzas, alerxias alimentarias e intolerancias, garantindo que se manteñan as súas características organolépticas	• OU.5	N	10
CA1.6 Comprobouse a etiquetaxe dos produtos para clientela con doenzas, alerxias alimentarias e intolerancias	• OU.6	N	8
CA1.7 Determinouse o estado dos produtos non perecedoiros atendendo ao estado do envase e as datas óptimas de consumo	• OU.7	N	8
CA1.8 Determinouse e comprobouse o estado das bebidas e dos licores, atendendo ás súas características	• OU.8	N	8
CA1.9 Avaliouse o sistema de verificación da calidade dos produtos alimentarios en función da satisfacción da clientela e dos criterios comerciais	• OU.9	N	8
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Planificación e verificación das accións de calidade segundo os produtos alimentarios: frescos, perecedoiros, sustentables e ecolóxicos.
Accións de non-conformidade. Condicións, ofertas e sección de vendas.
Determinación do estado dos produtos frescos. Condicións organolépticas.
Determinación do estado dos produtos sustentables: de comercio xusto e de gourmet.

**Contidos**

Valoración do estado e da etiquetaxe dos produtos para clientela con doenzas, intolerancias e alerxias alimentarias. Patoloxías: diabetes, hipertensión, hipercolesterolemia, etc. Intolerancias: glute, lactosa e ovo. Data de caducidade e tipo de envasament

Determinación do estado dos produtos non perecedoiros: envasamento e datas óptimas de consumo.

Determinación e comprobación do estado de bebidas e licores: cor, textura, aspecto visual, anada e temperatura.

Valoración da calidade dos produtos alimentarios. Satisfacción da clientela. Criterios comerciais.

**4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividades na empresa. - Actividades que se desenvolverán na empresa.		<ul style="list-style-type: none"> <li>Realiza tarefas encomendadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Tarefas realizadas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Medios proporcionados pola empresa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1</li> <li>OU.2</li> <li>OU.3</li> <li>OU.4</li> <li>OU.5</li> <li>OU.6</li> <li>OU.7</li> <li>OU.8</li> <li>OU.9</li> </ul>	10,0
<b>TOTAL</b>						<b>10,0</b>



**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Calidade alimentaria no comercio	25

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Establece os sistemas que determinan a calidade dos produtos alimentarios expostos para a venda, garantindo as súas condicións organolépticas e de sustentabilidade	NO

**4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer a calidade dos produtos alimentarios expostos no comercio.	1	Calidade dos produtos alimentarios.	25,0
<b>TOTAL</b>			<b>25</b>

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Planificáronse as accións do proceso de verificación da calidade dos produtos alimentarios en función das súas características, para garantir a idoneidade para o seu consumo	• PE.1	N	10
CA1.2 Definíronse as accións de non-conformidade do produto alimentario en función das súas condicións, das ofertas e da sección de venda pertinente	• PE.2	N	15
CA1.3 Determinouse e comprobouse o estado dos produtos frescos, atendendo ás súas características organolépticas	• PE.3	S	15
CA1.4 Determinouse e comprobouse o estado dos produtos sustentables, de comercio xusto e de gourmet, garantindo que se manteñan as súas características organolépticas	• PE.4	N	15
CA1.5 Determinouse e comprobouse o estado dos produtos para clientela con doenzas, alerxias alimentarias e intolerancias, garantindo que se manteñan as súas características organolépticas	• PE.5	N	15
CA1.6 Comprobouse a etiquetaxe dos produtos para clientela con doenzas, alerxias alimentarias e intolerancias	• PE.6	S	15
CA1.9 Avaliouse o sistema de verificación da calidade dos produtos alimentarios en función da satisfacción da clientela e dos criterios comerciais	• PE.7	S	15
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Planificación e verificación das accións de calidade segundo os produtos alimentarios: frescos, perecedoiros, sustentables e ecolóxicos.
Accións de non-conformidade. Condicións, ofertas e sección de vendas.
Determinación do estado dos produtos frescos. Condicións organolépticas.
Determinación do estado dos produtos sustentables: de comercio xusto e de gourmet.
Valoración do estado e da etiquetaxe dos produtos para clientela con doenzas, intolerancias e alerxias alimentarias. Patoloxías: diabetes, hipertensión, hipercolesterolemia, etc. Intolerancias: glute, lactosa e ovo. Data de caducidade e tipo de envasament
Determinación do estado dos produtos non perecedoiros: envasamento e datas óptimas de consumo.

Contidos
Determinación e comprobación do estado de bebidas e licores: cor, textura, aspecto visual, anada e temperatura.
Valoración da calidade dos produtos alimentarios. Satisfacción da clientela. Criterios comerciais.

**4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Calidade dos produtos alimentarios. - Nesta unidade aprenderemos a establecer os sistemas que determinan a calidade dos produtos expostos para a súa venda.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explica o material didáctico. Realiza cuestións e resolve dúbidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Atende ás explicacións. Realiza as tarefas. Pregunta dúbidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apuntes e cuestionarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula polivalente coa dotación habitual (mesas, cadeiras, ordenador e proxeutor, pizarra...)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1</li> <li>• PE.2</li> <li>• PE.3</li> <li>• PE.4</li> <li>• PE.5</li> <li>• PE.6</li> <li>• PE.7</li> </ul>	25,0
<b>TOTAL</b>						<b>25,0</b>

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Ao longo do curso, haberá tres avaliacións de carácter continuo, que segundo a Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial e na Orde do 6 de xuño de 2016, pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades estarán divididas do seguinte xeito:

1ª AVALIACIÓN e 2ª AVALIACIÓN serán desenvolvidas no Centro Educativo e representa o 60% das horas totais do módulo (70 horas).

A nota obtida nestas avaliacións parciais será reflexo dos contidos e as actividades propostas no centro educativo e os criterios aplicados serán:

Realizaranse dous tipos de probas:

- Probas Escritas: terán un peso dun 70% na nota da avaliación, e serán avaliadas cunha nota numérica, comprendida entre 1 e 10.
- Probas Prácticas: terán un peso dun 30% na nota da avaliación. Estas probas serán axeitadas as actividades programadas e feitas na aula taller durante o curso, serán avaliadas mediante táboas de observación e serán puntuadas numéricamente, cun valor entre 1 e 10.

Ambos tipos de probas, tanto as escritas coma as prácticas, serán avaliadas de maneira independente, sendo necesario acadar a lo menos un cinco en cada unha delas, para poder superar a avaliación. As probas escritas poderán incluír preguntas de desenvolvemento, completar cadros, oracións, debuxos, cuestións tipo test, preguntas de verdadeiro e falso, relativas aos contidos abordados en cada avaliación. Nas diversas probas indícarase ao alumnado a puntuación de cada pregunta, así coma todas aquelas cuestións necesarias para a súa realización.

Os alumnos que non poidan acudir ao exame na data establecida, non terán dereito á repetición do mesmo, salvo causa debidamente xustificada nos cinco días posteriores á falta. .

O total da puntuación asignada a cada unha das probas (escritas e prácticas), será a resultante de dividir a suma de todas as notas, entre o número de probas realizadas. A nota final da avaliación será a suma do 70% correspondente as probas escritas, e o 30% das probas prácticas plantexadas na avaliación.

### 3ª AVALIACIÓN E AVALIACIÓN FINAL

A nota obtida nesta avaliación será reflexo dos contidos e actividades propostas polas empresas e que serán recollidas nunha táboa de observación segundo os RA reflectidos na programación. Dita táboa será cuberta pola docente tras a sesión conxunta celebrada previamente, entre o equipo docente e os/as titores/as na empresa.

Será necesario acadar a lo menos un 5 en cada unha das avaliacións para obter cualificación positiva no módulo e non ter que realizar o exame final.

A nota da terceira avaliación do módulo será obtida tendo en conta as porcentaxes das horas realizadas no centro educativo e na empresa

calculando a media ponderada das tres avaliacións: o 60% corresponderá á media aritmética das calificacións obtidas na primeira e segunda avaliación e o 40% restante a cualificación obtida na terceira avaliación; se o módulo está superado a cualificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Haberá unha única recuperación, onde o alumnado se examinará soamente daquelas partes que teña suspensas, dado o carácter continuo da formación.

Para a recuperación do alumnado que non sexa capaz de superar cunha avaliación positiva o módulo profesional deseñárase un plan de recuperación que abranguerán os días ao efecto do mes marcado para realizala.

Os alumnos que non poidan acudir ao exame na data establecida non terán dereito a repetición do mesmo, salvo causa debidamente xustificada antes de 5 días.

Realizaranse dous tipos de probas de recuperación:

- Probas Escritas: terán un peso dun 70% na nota, e serán avaliadas cunha nota numérica, comprendida entre 1 e 10.
- Probas Prácticas: terán un peso dun 30% na nota. Estas probas serán axeitadas as actividades programadas e feitas na aula taller durante o curso, serán avaliadas mediante táboas de observación e serán puntuadas numéricamente, cun valor entre 1 e 10. Ditas probas prácticas poderán ser: Prácticas na Cociña, traballos de investigación propostos pola profesora, actividades na aula virtual ...

Ambos tipos de probas, tanto as escritas coma as prácticas, serán avaliadas de maneira independente, sendo necesario acadar a lo menos un cinco en cada unha delas, para poder superar a avaliación. As probas escritas poderán incluír preguntas de desenvolvemento, completar cadros, oracións, debuxos, cuestións tipo test, preguntas de verdadeiro e falso, relativas aos contidos abordados en cada avaliación. Nas diversas probas indicarase ao alumnado a puntuación de cada pregunta, así coma todas aquelas cuestións necesarias para a súa realización.

No suposto de que se pase de curso con este módulo pendente, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, que serán as mesmas que para acadar os mínimos esixibles que conforman a avaliación desta programación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación previa á realización da FCT en período ordinario.

En ambos casos realizarase un informe de avaliación individualizado.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

#### PERDA DE DEREITO A AVALIACIÓN CONTINUA

A asistencia a clase é obrigatoria, posto que o alumnado está a cursar unha ensinanza presencial. O alumnado perderá o dereito a avaliación continua (PD), cando as faltas inxustificadas superen o 10% do cómputo horario do módulo (reflectido no NOF do centro). Previamente, cando a porcentaxe de faltas chegue ao 6%, o seu titor notificaralle o apercibimento correspondente.

No artigo 25.5 da ORDE do 12 de xullo de 2011, pola que se regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, establécese que o alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente (Probas Escritas e Probas Prácticas), terá

dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final do módulo, sendo necesaria a presentación de todos os traballos e demais probas propostas ao longo do curso.

O alumnado con PD poderá seguir asistindo ás clases e ás prácticas, pero tendo en conta o establecido na ORDE anteriormente citada, o profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades ao alumnado que perdesse o dereito a avaliación continua, sempre que poida implicar algún tipo de risco par si mesmos, ao resto do grupo ou ás instalacións.

Os alumnos que non poidan acudir ao exame na data establecida non terán dereito a repetición do mesmo, salvo causa debidamente xustificada antes de 5 días.

A avaliación final de recuperación será idéntica ás trimestrais; deste xeito, a proba final realizarase segundo o criterio:

Realizaranse dous tipos de probas:

- Probas Escritas: terán un peso dun 70% na nota da recuperación, e serán avaliadas cunha nota numérica, comprendida entre 1 e 10.
- Probas Prácticas: terán un peso dun 30% na nota da recuperación. Estas probas serán axeitadas as actividades programadas e feitas na aula taller durante o curso, serán avaliadas mediante táboas de observación e serán puntuadas numericamente, cun valor entre 1 e 10. Ditas probas prácticas poderán ser: Prácticas na Cociña, traballos de investigación propostos pola profesora, actividades na aula virtual ...

Ambos tipos de probas, tanto as escritas coma as prácticas, serán avaliadas de maneira independente, sendo necesario acadar a lo menos un cinco en cada unha delas, para poder superar a avaliación. As probas escritas poderán incluír preguntas de desenvolvemento, completar cadros, oracións, debuxos, cuestións tipo test, preguntas de verdadeiro e falso, relativas aos contidos abordados en cada avaliación. Nas diversas probas indicarase ao alumnado a puntuación de cada pregunta, así coma todas aquelas cuestións necesarias para a súa realización.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

O seguimento realizarase por plataforma.

No seguimento da programación teranse en conta as conclusións obtidas na avaliación inicial.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización
- O logro dos obxectivos programados
- Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados ao alumnado no marco do sistema de calidade implantado no CIFP nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

Así mesmo, semanalmente introducirase na aplicación de seguimento de programación didáctica o avance na consecución da materia impartida. Anotarase as desviacións, de selo caso, informándolle deste aspecto ao Xefe do departamento na reunión periódica que se mantén para verificar o seguimento da programación didáctica dos módulos profesionais do departamento.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado polo centro ao final de curso.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Esta avaliación inicial permitirá coñecer todo o relacionado coa motivación do alumnado, a actitude coa que se enfrenta ao proceso de ensinanza-aprendizaxe e os coñecementos que ten sobre a materia que se vai impartir, así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan. Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, no seu caso.
- b) Dos estudos académicos ou os ensinos de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou dictames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

Para iso, neste módulo pasarase durante a primeira quincena do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado que se complementará cos datos proporcionados pola titora e datos de información de matrícula. Utilízase o cuestionario inicial do alumnado facilitado polo centro para a recollida dos datos do alumnado.

Para a súa aplicación empregaranse:

- Cuestionario de motivación inicial. Os indicadores deste cuestionario son: nivel de estudos realizados, interese na realización do módulo, información sobre o contido do mesmo, grao de experiencia no sector, expectativas sobre o módulo.
- Cuestionario de coñecementos iniciais. Baseado nos contidos do módulo.

A información que subministra a avaliación inicial deberá servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica e aportar ó profesor información sobre o que realmente progresa o alumno ao longo do curso respecto aos seus coñecementos iniciais. Asemade, tamén resulta relevante extraer información sobre o entorno no que se desenvolve o alumno, inclusive o contexto familiar e o seu entorno social máis achegado.

En todo caso, a avaliación inicial nunca será representativa na cualificación final do alumnado.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente na mesma recolleranse nun acta, da que se entregará copia na jefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración dos ensinos. Esta avaliación

inicial en ningún caso levará consigo cualificación para o alumnado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece o artigo 61 do Decreto 114/2010, de 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

Aqueles alumnos que non conseqan un aproveitamento aceptable nas sesións de ensino e aprendizaxe, e polo tanto non respondan globalmente aos obxectivos programados, deberán ser tratados de xeito individualizado aplicando algunha/s das seguintes actuacións, sempre no marco das reunións e acordos do equipo docente do ciclo e en colaboración co titor e co orientador:

- Axustes na metodoloxía, adaptando as axudas e recursos pedagóxicos ás necesidades do/s alumno/s.
- Actividades diferenciadas, propoñendo aos/as alumnos/as que presentan algunha dificultade para traballar certos contidos, actividades que lles permitan aproximarse a estes.
- Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado.
- Materiais didácticos variados, que ofrezan un conxunto de actividades que aborden os contidos de distintas maneiras. - Darase a oportunidade de realizar actividades extra ou de reforzo para compensar as carencias detectadas.
- Adaptaranse as actividades de ensino e aprendizaxe esixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables.
- Realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.
- Utilizaranse técnicas de traballo cooperativo.
- Reforzo positivo, valorando as capacidades do alumno e o esforzo realizado, e mellorando a súa autoestima.
- Se o alumno non supera a avaliación, volveranse realizar actividades de recuperación, incidindo naqueles puntos nos que o alumno presente maiores dificultades.
- No caso de que non responda ou non progrese coas actuacións anteriores, solicitar asesoramento e colaboración do Departamento de Orientación do centro, para levar a cabo algunha medida adicional, como podería ser a solicitude de apoio educativo ou chegado o caso a flexibilización modular.
- En todo caso, a cualificación do alumno farase tomando como referencia os aspectos máis esenciais que permitan a consecución da competencia xeral característica do título.

Tamén pode darse o caso de atoparnos con alumnado que requira de materiais e información máis ampliada dado que a súa capacidade e motivación son polo xeral maiores que as da media do grupo. En tal suposto, a profesora faralle entrega de material e exercicios complementarios e con maior grao de dificultade, de maneira que se facilite o desenvolvemento do alumno.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como o respecto aos compañeiros, profesores, talleres, e material de traballo, traballaranse a través de diferentes actividades. Todos estes son aspectos transversais que estarán presentes na aula de forma permanente e que deberán converterse en importantes principios didácticos que aporten carácter a todo o currículo. Así, temos:

- Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

- Educación moral e cívica: para promover o traballo cooperativo e a valoración dos distintos puntos de vista e a aceptación de decisións colectivas.

- Educación para a paz: educarase nos valores da democracia, fomentando a interculturalidade e unha educación para os dereitos humanos, potenciando un clima de aceptación e respecto tanto nos grupos de traballo como na aula. Recoñecerase que o alumno é competente para participar na resolución dos seus propios conflitos, o que promove a súa maduración e dótaos de aptitudes, como escoitar e pensar criticamente, que son básicas para a súa formación.

- Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

- Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

- Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.

- Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)

- Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

- Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico-práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

- Novas tecnoloxías, TIC, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.



### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias a formación (ACF) axudan a afianzar as actividades de aula, e terán carácter obrigatorio. Realizaranse sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no NOF e teñan cabida na programación. A súa temporalidade dependerá do propio desenvolvemento da mesma, tendo en conta onde foron situadas para ser realizadas. Todas elas deberán ser aprobadas polo Consello Social. Entre as ACF atópanse visitas didácticas a empresas do sector alimentario.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Comunicación aspectos xerais programación

A profesora do módulo informará ao alumnado matriculado nos primeiros días do curso dos seguintes aspectos xerais da programación didáctica:

1. Distribución das Unidades didácticas e resumo dos contidos.
2. Criterios de cualificación e normas básicas.
3. Proceso de recuperación, de selo caso.
4. Docencia en semipresencialidade e/ou distancia en caso de confinamento e uso da aula virtual.

Unha copia da programación (versión alumnado) xerada pola aplicación informática quedará exposta na aula virtual do módulo. Esta comunicación realizarase verbalmente, expoñéndoa na aula con todo o grupo. Recóllese sinatura de información da programación.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	Luís Seoane	Pontevedra	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CMCOM02	Comercialización de produtos alimentarios	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1611	Preparación e acondicionamento de produtos frescos e transformados	2023/2024	7	245	245

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	JULIO JOSÉ GARCÍA LUQUE
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coa empresas varias de alimentación (Carrefour, Alcampo, Froiz, Gadis,...), no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

Esta programación realízase para o módulo de Preparación e acondicionamento de produtos frescos e transformados pertencente ao ciclo formativo de Grao Medio de Comercialización de Produtos Alimentarios; tomado como referencia o Real Decreto 189/2018, do 6 de abril, que establece o título de técnico en Comercialización de Produtos Alimentarios e se fixan os aspectos básicos do currículo, e de acordo co seu artigo 10.2, correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer o currículo correspondente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, no que se basa o Proxecto de Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Comercialización de Produtos Alimentarios.

Baseándonos para esta adecuación, ademais no perfil profesional do título, Competencia xeral e Competencias profesionais, persoais e sociais e que se concretan no Decreto do Currículo como segue:

- Segundo o Artigo 3, o perfil profesional do título de técnico en Comercialización de Produtos Alimentarios determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.
- Segundo o Artigo 4, a competencia xeral deste título consiste desenvolver actividades comerciais en establecementos alimentarios físicos e en liña relacionadas coa planificación comercial, coa xestión da loxística de almacenaxe, distribución e reposición de produtos alimentarios, e coa supervisión das seccións de venda de alimentos perecedoiros e non perecedoiros, e de atención comercial á clientela e a provedores, seguindo criterios de calidade e actuando consonte a normativa de prevención de riscos, seguridade alimentaria e protección do/da consumidor/a.
- Segundo o Artigo 5, as competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan deseguido:
  - a) Realizar análises de viabilidade técnica, económica e financeira para constituír e pór en marcha un pequeno establecemento comercial alimentario.
  - b) Supervisar accións administrativas, comerciais e fiscais e planificar a tesouraría, conforme a normativa, para xestionar un pequeno establecemento físico e en liña de produtos alimentarios.
  - c) Establecer protocolos e aplicar obxectivos estratéxicos fixados no plan de negocio, para determinar a liña de actuación comercial do pequeno comercio alimentario.
  - d) Establecer estratexias de plans de márketing no comercio alimentario para potenciar as vendas e fidelizar a clientela.
  - e) Supervisar a montaxe e a exposición, nos puntos de venda, de elementos atractivos e publicitarios e de alimentos perecedoiros e non perecedoiros, para incentivar as compras.
  - f) Xestionar a loxística de comercios alimentarios físicos e en liña, para garantir a coordinación dos provedores e a subministración de alimentos, o nivel de existencias e a distribución.
  - g) Supervisar a manipulación e a conservación dos produtos alimentarios segundo as súas características, para garantir as condicións hixiénico-sanitarias e de prevención de riscos laborais, e de seguridade alimentaria.
  - h) Supervisar a obtención de porcións de produtos alimentarios frescos e a elaboración de derivados de carnes e peixes, en función da peza, do destino culinario e da demanda do/da cliente/a, seguindo as condicións requiridas de calidade e seguridade alimentaria.
  - i) Supervisar a atención comercial e a venda de produtos alimentarios de xeito físico ou en liña, consonte as características de cada produto e as necesidades do/ da cliente/a, aplicando a normativa de protección do/da consumidor/a.
  - j) Coordinar e xestionar un comercio alimentario en liña, para conseguir os obxectivos previstos nos plans de márketing dixital.
  - k) Xestionar informaticamente a documentación asociada á actividade dun pequeno comercio alimentario, físico e en liña, para dar a resposta ás

necesidades e ás demandas da clientela e aos obxectivos da empresa.

- l) Xestionar en inglés as relacións coa clientela e coas persoas usuarias ou consumidoras, realizando o seguimento das operacións, para asegurar o nivel de servizo prestado.
- m) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos, actualizando os seus coñecementos e utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación.
- n) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, e cooperando ou traballando en equipo con diferentes profesionais no contorno de traballo.
- ñ) Resolver de forma responsable as incidencias relativas á súa actividade e identificar as súas causas, dentro do ámbito da súa competencia e da súa autonomía.
- o) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- p) Aplicar os protocolos e as medidas preventivas de riscos laborais e protección ambiental durante o proceso produtivo, para evitar danos nas persoas e no contorno laboral e ambiental.
- q) Aplicar procedementos de calidade, de accesibilidade universal e de deseño para todas as persoas nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- r) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional.
- s) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, consonte o establecido na lexislación, participando activamente na vida económica, social e cultural.

- Asociado á unidade de competencia, faise referencia ao Artigo 6, relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título:

#### 1. Cualificación profesional completa incluída no título:

Actividades de xestión do pequeno comercio, COM631\_2 (Real decreto 889/2011, do 24 de xuño, polo que se complementa o Catálogo nacional de cualificacións profesionais, mediante o establecemento de determinadas cualificacións profesionais correspondentes ás familias profesionais Artes Gráficas e de Comercio e Márketing), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

- UC0239\_2: Realizar a venda de produtos e/ou servizos a través das diferentes canles de comercialización.
- UC1792\_2: Xestionar a prevención de riscos laborais en pequenos negocios.
- UC2105\_2: Organizar e animar o punto de venda dun pequeno comercio.
- UC2104\_2: Impulsar e xestionar un pequeno comercio de calidade.
- UC2106\_2: Garantir a capacidade de resposta e abastecemento do pequeno comercio.

#### 2. Cualificacións profesionais incompletas:

a) Actividades de venda, COM085\_2 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro, polo que se establecen determinadas cualificacións profesionais que se inclúen no Catálogo nacional de cualificacións profesionais, así como os seus correspondentes módulos formativos que se incorporan ao Catálogo modular de formación profesional, ademais das modificacións publicadas no Real decreto 109/2008, do 1 de febreiro, polo que se complementa o Catálogo nacional de cualificacións profesionais mediante o establecemento de sete cualificacións profesionais da familia profesional de Comercio e Márketing):

UC0241\_2: Executar as accións do servizo de atención ao/a cliente/a, consumi- dor/a e usuario/a.

b) Organización e xestión de almacéns, COM318\_3 (Real decreto 109/2008, do 1 de febreiro, polo que se complementa o Catálogo nacional de cualificacións profesionais mediante o establecemento de sete cualificacións profesionais da familia profesional de Comercio e Márketing):

UC1015\_2: Xestionar e coordinar as operacións de almacén.

c) Cociña, HOT093\_2 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro, polo que se establecen determinadas cualificacións profesionais que se inclúen no Catálogo nacional de cualificacións profesionais, así como os seus correspondentes módulos formativos que se incorporan ao Catálogo modular de formación profesional, ademais das modificacións publicadas no Real decreto 1700/2007, do 14 de decembro, polo que se complementa o Catálogo nacional de cualificacións profesionais mediante o establecemento de trece cualificacións profesionais da familia

profesional de Hostalaría e Turismo):

UC0260\_2: Preelaborar e conservar toda clase de alimentos.

- Segundo o Artigo 9, os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

- a) Elaborar plans de empresa para pequenos comercios de alimentación valorando as oportunidades de negocio do contorno, as formas de financiamento e os requisitos legais exixidos, para realizar a análise da viabilidade técnica, económica e financeira.
- b) Realizar operacións de xestión de pequenos establecementos alimentarios, físicos e en liña, aplicando procedementos segundo as características da empresa e consonte a normativa, para supervisar as accións administrativas, comerciais e fiscais, e planificar a tesouraría.
- c) Determinar a liña comercial do pequeno negocio alimentario analizando os produtos que se vaian ofrecer, os prezos de venda e as empresas provedoras, para establecer protocolos e aplicar obxectivos estratéxicos fixados no plan de negocio.
- d) Analizar as ferramentas de potenciación das vendas no comercio alimentario, físico e en liña, para o desenvolvemento de estratexias de márketing.
- e) Determinar actividades de promoción de produtos alimentarios, para establecer estratexias de fidelización da clientela.
- f) Analizar as estratexias de distribución de alimentos e elementos atractivos e publicitarios en comercios alimentarios, para organizar e dinamizar o punto de venda.
- g) Crear espazos atractivos determinando a situación de lineais e expositores necesarios nas actividades de promoción, para supervisar a montaxe nos puntos de venda.
- h) Coordinar e seleccionar provedores de alimentos, negociando as ofertas e as condicións de abastecemento.
- i) Organizar a subministración, o almacenamento e a conservación de produtos alimentarios, para xestionar a loxística de comercios alimentarios físicos e en liña.
- j) Determinar protocolos de aplicación das normas de calidade e seguridade alimentaria, de protección do/da consumidor/a e de prevención de riscos laborais e ambientais, para a manipulación dos produtos alimentarios.
- k) Analizar e supervisar a aplicación das técnicas de despezamento e corte de carnes, peixes e froitas en función do destino culinario.
- l) Analizar e supervisar a aplicación das técnicas de elaboración de derivados cárnicos en función do seu uso culinario.
- m) Analizar e supervisar a aplicación das técnicas de mariñado e adobo de peixes para supervisar a elaboración de derivados de peixe.
- n) Determinar liñas de actuación no asesoramento de produtos alimentarios e de atención á clientela, utilizando distintas canles de comunicación, presencial ou en liña, para supervisar a atención comercial.
- ñ) Xestionar a venda en liña de produtos alimentarios, atendendo telematicamente a clientela, mantendo a páxina web e supervisando a distribución dos produtos.
- o) Elaborar e xestionar documentos comerciais empregados na xestión comercial e administrativa de establecementos alimentarios, utilizando programas específicos.
- p) Identificar expresións e regras de comunicación en inglés, tanto oralmente como por escrito, para xestionar en inglés as relacións coa clientela e coas persoas usuarias ou consumidoras.
- q) Analizar e utilizar os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación, para aprender e actualizar os seus coñecementos, recoñecendo as posibilidades de mellora profesional e persoal, para se adaptar a diferentes situacións profesionais e laborais.
- r) Desenvolver traballos en equipo e valorar a súa organización, participando con tolerancia e respecto, e tomar decisións colectivas ou individuais, para actuar con responsabilidade e autonomía.
- s) Adoptar e valorar solucións creativas ante problemas e continxencias que se presentan no desenvolvemento dos procesos de traballo, para resolver de xeito responsable as incidencias da súa actividade.
- t) Aplicar técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á súa finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia do proceso.
- u) Analizar os riscos ambientais e laborais asociados á actividade profesional e relacionalos coas súas causas, para fundamentar as medidas preventivas que se vaian adoptar, e aplicar os protocolos correspondentes para evitar danos propios, nas demais persoas, ambientais e no contorno.

- v) Analizar e aplicar as técnicas necesarias para dar resposta á accesibilidade universal e ao deseño para todas as persoas.
- w) Aplicar e analizar as técnicas necesarias para mellorar os procedementos de calidade do traballo no proceso de aprendizaxe e do sector produtivo de referencia.
- x) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.
- y) Recoñecer os seus dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
- z) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para desenvolver os valores do principio de igualdade de trato e non discriminación entre homes e mulleres nin por ningunha outra condición nin circunstancia persoal nin social, así como a prevención da violencia de xénero e o coñecemento da realidade homosexual, transexual, transxénero e intersexual.

Este módulo profesional dá resposta a unha serie de funcións do perfil profesional do título de técnico en Comercialización de Produtos Alimentarios, correspondentes á supervisión, a preparación, a manipulación e a venda de produtos alimentarios. Os procesos esenciais que cómpre incluír na programación son os que se describen a seguir, e corresponden á preparación e ao acondicionamento de produtos frescos:

- Obtención de porcións e preparación de produtos frescos.
- Elaboración de derivados cárnicos.
- Elaboración de peixes e mariscos.
- Elaboración de bandexas de froitas e verduras.
- Asesoramiento de produtos alimentarios.
- Etiquetaxe de produtos alimentarios.

A formación deste módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais e), j), k), l), m), n), o), q), r), s), t), u), v), w), x) e y) do ciclo formativo, e as competencias profesionais, persoais e sociais d), g), h), i), k), m), n), ñ), o), p), q) e r). Xa que logo, ao estruturar a programación deben incorporarse aos contidos educativos (procedementais, conceptuais e actitudinais) das unidades didácticas e a súa posterior avaliación.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versan sobre:

- Realización de tipos de cortes segundo o uso culinario.
- Obtención, presentación e venda de pezas e porcións cárnicas.
- Elaboración de derivados cárnicos e embutidos.
- Preparación de pezas de peixe e mariscos.
- Elaboración de bandexas de froitas e verduras.
- Disposición de etiquetas e códigos de barras en envases e expositores.

O módulo acredita 4 Unidades de Competencia (UC) , que son agregado mínimo susceptible de ser acreditado e recoñecido por tódalas administracións que posúan competencias en FP (administración laboral, Inem, educación,...), estas son:

- UC2106\_2: Garantir a capacidade de resposta e abastecemento do pequeno comercio.
- UC1015\_2: Xestionar e coordinar as operacións de almacén.
- UC1792\_2: Xestionar a prevención de riscos laborais en pequenos negocios.
- UC0260\_2: Preelaborar e conservar toda clase de alimentos.

Isto nos permitirá traballar de cara a conseguir o rol do posto de traballo propio de este ciclo formativo que se traducirá en actividades específicas con resultados concretos, na adaptación en función das variacións que se dan na práctica do traballo e nos procesos productivos, actuar correctamente ante anomalías, dirixir o conxunto do traballo e acadar os obxectivos da organización, así como establecer prioridades e actuar en coordinación con outros departamentos.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				
					161100				
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	98	40	X	X	X	X	X
2	A etiquetaxe dos produtos frescos	Formación curricular en centro de estudos	10	8					X
3	Prelaboración e transformación de produtos de horticultura.	Formación curricular en centro de estudos.	20	10			X		X
4	Prelaboración e transformación de produtos de mar e río.	Formación curricular en centro de estudos.	50	17		X			X
5	Prelaboración e transformación de produtos cárnicos	Formación curricular en centro de estudos.	57	20	X				X
6	Produtos alimentarios	Formación curricular en centro de estudos.	10	5				X	
Total:			245						

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	98

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Supervisa e realiza a obtención de porcións e preparacións de carne e derivados cárnicos, aplicando a técnica de corte en función da peza e do destino culinario, consonte a normativa de prevención de riscos laborais	SI
RA2 - Supervisa e realiza a obtención de porcións, preparacións e elaboracións de peixes e mariscos en función do tipo e da preparación adecuada ao destino culinario, consonte a normativa de prevención de riscos laborais, hixiénico-sanitaria e ambiental	SI
RA3 - Supervisa e elabora bandexas de froitas e verduras, segundo criterios de venda, aplicando a normativa sanitaria e de prevención de riscos laborais	SI
RA4 - Realiza e supervisa a preparación de produtos alimentarios, aplicando as técnicas pertinentes ao produto, e asesora sobre as características e as posibilidades de consumo	SI
RA5 - Efectúa a etiquetaxe de produtos frescos, relacionando o tipo de produtos coa súa etiquetaxe e coas características do envase	SI

##### 4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Desenvolver actividades na empresa	1	Actividades na empresa.	98,0
<b>TOTAL</b>			<b>98</b>

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Clasifícase e agrúpase a carne segundo a res ou a especie de orixe, facendo especial mención aos produtos autóctonos	• OU.1	S	3
CA1.2 Comprobase o estado dos produtos cárnicos, atendendo ao seu aroma e á súa cor	• OU.2	S	3
CA1.3 Supervísase e realízase o desosado e o despezamento de canais de carne e outras pezas cárnicas, seguindo as técnicas apropiadas e cumprindo a normativa hixiénico-sanitaria e de prevención de riscos laborais	• OU.3	N	2
CA1.4 Supervísanse e elaboráanse derivados cárnicos frescos en función do destino culinario e as características do tipo de animal	• OU.4	N	2
CA1.5 Relaciónanse os tipos de corte de pezas e derivados cárnicos co seu uso ou a súa aplicación posteriores	• OU.5	N	2
CA1.6 Obtívense e supervisáanse porcións de carne, chacinaría e produtos cárnicos para o consumo en función do produto e o seu destino final, executando as técnicas de corte requiridas	• OU.6	N	2
CA1.7 Recomendouse á clientela a mellor aplicación culinaria das pezas obtidas e dos derivados cárnicos	• OU.7	N	2
CA1.8 Dispúxéronse as pezas de carne e os derivados cárnicos en mostradores e expositores, garantindo a súa conservación, a súa frescura e o seu atractivo visual	• OU.8	N	2
CA1.9 Envasouse e supervisouse o envasamento do produto ou derivado cárnico en función das súas características e dos requisitos da clientela	• OU.9	N	2
CA1.10 Supervísanse as condicións de orde e limpeza das zonas de traballo de carnizaría	• OU.10	N	2
CA1.11 Aplícase a normativa de prevención de riscos laborais e hixiénico-sanitarios nas operacións de preparación e acondicionamento de carne e derivados	• OU.11	N	2



Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.12 Identifícanse a carne segundo a res ou a especie de orixe	• OU.12	N	2
CA2.1 Clasifícase o peixe segundo a súa orixe, a súa captura e a súa especie	• OU.13	N	2
CA2.2 Compróbase o estado dos peixes frescos e dos mariscos, atendendo ao seu aspecto, ao olor, á textura e á cor	• OU.14	N	2
CA2.3 Supervísase e realízase a limpeza, o desescamado, a peladura, o fileteado e a talladura do peixe e, de ser o caso, o descabezado, a evisceración ou o desespiñado, atendendo á súa especie e ao destino culinario	• OU.15	N	2
CA2.4 Supervísanse e obtívense porcións de peixe requiridas segundo o tamaño, a forma e a calidade para o consumo, executando as técnicas de corte en función do tipo de peixe e do destino culinario	• OU.16	N	2
CA2.5 Aconséllouselle á clientela o mellor tratamento e uso culinario dos peixes e dos mariscos	• OU.17	N	2
CA2.6 Dispúxéronse os peixes e os mariscos en mostradores e expositores, aplicando xeo e nebulizadores de auga, garantindo a súa conservación, a frescura e o atractivo visual	• OU.18	N	2
CA2.7 Identifícase o marisco e clasifícase segundo se trate de crustáceos ou de moluscos	• OU.19	N	2
CA2.8 Preparouse o marisco segundo o tamaño, a forma e a calidade, en función do tipo de marisco e o destino culinario	• OU.20	N	2
CA2.9 Supervísase o envasamento do produto, en función das súas características e dos requisitos da clientela	• OU.21	N	2
CA2.10 Realizáronse e, posteriormente, supervisáronse as condicións de orde e limpeza das zonas de traballo de peixaría	• OU.22	N	2
CA2.11 Aplícase a normativa de prevención de riscos laborais e hixiénico-sanitarios nas operacións de preparación e acondicionamento do peixe e o marisco	• OU.23	N	2
CA2.12 Identifícase o peixe segundo a súa orixe, a súa captura e a súa especie.	• OU.24	N	2
CA3.1 Compróbase o estado de froitas e verduras	• OU.25	N	2
CA3.2 Dispúxéronse froitas e verduras en mostradores, expositores e bandexas	• OU.26	N	2
CA3.3 Supervísanse as condicións de orde e limpeza das zonas de traballo de froitas e verduras	• OU.27	N	2
CA3.4 Realízase e supervísase a presentación e a talladura de froitas e verduras, en tamaño, forma e calidade, e en función do tipo de produto e dos requisitos da clientela	• OU.28	N	2
CA3.5 Realízase e supervísase a exposición de pezas de froitas e verduras de xeito que garantan as súas propiedades e a súa conservación	• OU.29	N	2
CA3.6 Supervísanse e envasáronse as froitas e as verduras, en función das súas características e dos requisitos da clientela	• OU.30	N	2
CA3.7 Aplícase a normativa de riscos laborais e hixiénico-sanitarios, en relación coas operacións de preparación e acondicionamento de froitas e verduras	• OU.31	N	2
CA3.8 Identifícanse os diferentes produtos de horticultura.	• OU.32	N	2
CA4.1 Supervísase a presentación e a exposición de viños, queixos e produtos gourmet, e en especial dos produtos galegos con denominación de orixe, en función das características do produto	• OU.33	N	2
CA4.2 Realízase e supervísase o corte do xamón de calidade de xeito manual, aplicando as técnicas adecuadas	• OU.34	N	2
CA4.3 Realízase e supervísase o corte ou a talladura do queixo de calidade en función do tipo de queixo e da técnica de corte apropiada ás súas características	• OU.35	N	2
CA4.4 Realízase e supervísase a preparación de táboas de queixos, xamón e embutidos, en función das súas denominacións, o tipo de leite e a degustación	• OU.36	N	2
CA4.5 Asesorouse sobre as características de viños de calidade e, en especial, dos produtos galegos, en función da súa orixe, a anada, as variedades de uva e a maridaxe			0
CA4.5.1 Identifícanse os viños con denominación de orixe galego, variedades e a maridaxe	• OU.37	N	2

Critérios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.6 Asesorouse sobre as características de queixos, as súas posibilidades de consumo e o destino culinario			0
CA4.6.1 Identifícouse o proceso de elaboración xeral dos queixos	• OU.38	N	2
CA4.6.2 Identifícouse os queixos con denominación de orixe galegos	• OU.39	N	2
CA4.7 Asesorouse sobre outros produtos gourmet en función da orixe, a forma de consumo e o destino culinario	• OU.40	N	2
CA5.1 Aplicáronse as especificacións da normativa que afecta o envasamento de alimentos frescos			0
CA5.1.1 Identifícouse as especificacións da normativa que afecta o envasamento de alimentos frescos.	• OU.41	N	3
CA5.2 Dispúxose a información obrigatoria e complementaria para incluír nas etiquetas, nos seus códigos de barras e nos rótulos de produtos alimentarios			0
CA5.2.1 Identifícouse a información obrigatoria e complementaria para incluír nas etiquetas dos produtos frescos	• OU.42	N	3
CA5.3 Comprobouse que os produtos frescos envasados expostos dispoñan da etiquetaxe e das características de rastrexabilidade establecidas	• OU.43	N	2
CA5.4 Relaciónáronse as técnicas e os equipamentos de etiquetaxe co seu uso, en diferentes tipos de produtos alimentarios	• OU.44	N	2
CA5.5 Envasáronse e etiquetáronse produtos frescos en función dos requisitos de rastrexabilidade establecidos	• OU.45	N	2
CA5.6 Verificouse a aplicación do código de barras aos produtos frescos, identificando etiquetas normalizadas e códigos de barras	• OU.46	N	2
CA5.7 Verificouse que a codificación do produto concorde coas súas características, propiedades e localización	• OU.47	N	2
CA5.8 Supervisouse a colocación de dispositivos de seguridade nos produtos alimentarios frescos expostos para a venda, utilizando os sistemas de protección pertinentes	• OU.48	N	2
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
<p><a href="#">Tipos de carne segundo a res ou especie de orixe</a></p> <p>Clasificación das carnes en función da res ou da orixe: vacún, ovino e caprino, porcino, equino e carnes de aves de curral e caza. Produtos autóctonos.</p> <p>Comprobación do estado dos produtos cárnicos. Aroma e cor.</p> <p>Técnicas de desosado e despezamento de canais e pezas cárnicas.</p> <p>Supervisión e elaboración de derivados cárnicos frescos: carne picada, adobada e salchichas frescas. Destino culinario e características do animal.</p> <p>Tipos de corte de pezas e derivados cárnicos. Uso culinario.</p> <p>Exposición en mostradores de pezas e produtos cárnicos: conservación, frescura e atractivo visual.</p> <p>Supervisión do envasamento do produto cárnico e os seus derivados. Características e requisitos da clientela.</p> <p>Medidas de seguridade. Normativa hixiénico-sanitaria.</p> <p><a href="#">Tipos e clasificación de peixes e mariscos</a></p> <p>Supervisión das condicións de orde e limpeza de zonas de traballo de peixaría.</p> <p>Medidas de seguridade. Normativa hixiénico-sanitaria.</p>

**Contidos**

Clasificación do peixe segundo a súa orixe (de auga salgada ou de auga doce), segundo a súa captura (peixe salvaxe ou de criadeiros) e segundo a súa especie.

Comprobación do estado de peixes e mariscos. Características organolépticas, estacionalidade, tamaños mínimos e estado de conservación.

Supervisión e limpeza de peixe: desescamado, pelado, fileteado, talladura, descabezado, evisceración e desespiñado.

Supervisión e obtención de porcións de peixe. Destino culinario e tipos de peixes.

Identificación e clasificación do marisco. Crustáceos. Moluscos.

Exposición en mostradores de peixes: conservación da frescura e atractivo visual.

Preparación de mariscos: tamaño, forma, calidade, tipo e destino culinario.

Supervisión do envasamento de peixes e mariscos. Métodos de envasamento.

**Tipos de froitas e verduras**

Froitas e verduras. Comprobación atendendo a criterios de tamaño, madureza e aspecto visual.

Disposición da exposición de froitas e verduras en mostradores expositores e bandexas. Estacionalidade, calidade e calibre. Propiedades e conservación.

Supervisión da presentación e a talladura de froitas e verduras.

Envasamento de froitas e verduras. Elaboración de bandexas. Características e requisitos da clientela.

Medidas de seguridade e condicións hixiénico-sanitarias.

Viños, queixos e produtos gourmet. Presentación e exposición.

Técnicas de corte: manuais e mecánicas. Xamóns de calidade.

Queixos. Técnicas de talladura e corte.

Supervisión da elaboración de táboas de queixos, xamóns e embutidos. Características: aroma, sabor e proído.

Asesoramento sobre viños. Calidade, anada, variedades de uva e maridaxe.

**Xeografía vinívnicola galega, variedades de uva e maridaxe**

Asesoramento sobre queixos. Fragilidade. Densidade. Dureza. Cremosidade. Destino culinario.

**Elaboración de queixos**

**Denominación de orixe dos queixos galegos**

Asesoramento sobre produtos gourmet. Caviar. Afumados. Ventrecha. Salgaduras. Orixe e destino culinario.

Normativa sobre o envasamento de produtos frescos.

Técnicas de etiquetaxe. Código de barras. Rótulos de produtos alimentarios.

Rastrexabilidade.

Envasamento de produtos frescos. Técnicas. Materiais. Sistemas e métodos de envasamento.

Supervisión da colocación do código de barras. Coincidencia coas características, as propiedades e a localización do produto.

Supervisión da colocación dos dispositivos de seguridade e protección.

**4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividades na empresa. - Actividades que se desenvolverán na empresa.					<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.1</li> <li>• OU.2</li> <li>• OU.3</li> <li>• OU.4</li> <li>• OU.5</li> <li>• OU.6</li> <li>• OU.7</li> <li>• OU.8</li> <li>• OU.9</li> <li>• OU.10</li> <li>• OU.11</li> <li>• OU.12</li> <li>• OU.13</li> <li>• OU.14</li> <li>• OU.15</li> <li>• OU.16</li> <li>• OU.17</li> <li>• OU.18</li> <li>• OU.19</li> <li>• OU.20</li> <li>• OU.21</li> <li>• OU.22</li> <li>• OU.23</li> <li>• OU.24</li> <li>• OU.25</li> </ul>	98,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.26</li> <li>• OU.27</li> <li>• OU.28</li> <li>• OU.29</li> <li>• OU.30</li> <li>• OU.31</li> <li>• OU.32</li> <li>• OU.33</li> <li>• OU.34</li> <li>• OU.35</li> <li>• OU.36</li> <li>• OU.37</li> <li>• OU.38</li> <li>• OU.39</li> <li>• OU.40</li> <li>• OU.41</li> <li>• OU.42</li> <li>• OU.43</li> <li>• OU.44</li> <li>• OU.45</li> <li>• OU.46</li> <li>• OU.47</li> <li>• OU.48</li> </ul>	
<b>TOTAL</b>						<b>98,0</b>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	A etiquetaxe dos produtos frescos	10

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Efectúa a etiquetaxe de produtos frescos, relacionando o tipo de produtos coa súa etiquetaxe e coas características do envase	NO

**4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os diferentes tipos de etiquetas dispoñibles en produtos frescos e envasados	1	O etiquetaxe dos produtos frescos	10,0
1.2 Envasar e etiquetar produtos frescos			
<b>TOTAL</b>			<b>10</b>

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Aplicáronse as especificacións da normativa que afecta o envasamento de alimentos frescos			0
<b>CA5.1.1 Identifícase as especificacións da normativa que afecta o envasamento de alimentos frescos.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Sobre a normativa que afecta o envasamento de alimentos frescos</li> </ul>	S	25
CA5.2 Dispúxose a información obrigatoria e complementaria para incluír nas etiquetas, nos seus códigos de barras e nos rótulos de produtos alimentarios			0
<b>CA5.2.1 Identifícase a información obrigatoria e complementaria para incluír nas etiquetas dos produtos frescos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Sobre a información obrigatoria e complementaria nas etiquetas dos produtos frescos</li> </ul>	S	35
CA5.3 Comprobase que os produtos frescos envasados expostos dispoñan da etiquetaxe e das características de rastrexabilidade establecidas	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Sobre a información obrigatoria e complementaria nas etiquetas dos produtos frescos</li> </ul>	N	10
CA5.4 Relaciónáronse as técnicas e os equipamentos de etiquetaxe co seu uso, en diferentes tipos de produtos alimentarios	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2 - Sobre a información obrigatoria e complementaria nas etiquetas dos produtos frescos</li> </ul>	N	15
CA5.5 Envasáronse e etiquetáronse produtos frescos en función dos requisitos de rastrexabilidade establecidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.3 - Sobre a información obrigatoria e complementaria nas etiquetas dos produtos frescos</li> </ul>	N	15
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Normativa sobre o envasamento de produtos frescos. Técnicas de etiquetaxe. Código de barras. Rótulos de produtos alimentarios. Rastrexabilidade. Envasamento de produtos frescos. Técnicas. Materiais. Sistemas e métodos de envasamento.

**4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O etiquetaxe dos produtos frescos	<ul style="list-style-type: none"> <li>Escoita o profesor. Toma notas. Pregunta dúbidas. Realiza cuestionarios de asimilación e comprobación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Individualmente o alumnado recoñecerá e analizará as etiquetas dos produtos frescos. Envasado de produtos frescos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividade sobre as etiquetas dos produtos frescos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula polivalente coa dotación habitual (mesas, cadeiras, ordenador e proxector, pizarra...)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Sobre a información obligatoria e complementaria nas etiquetas dos produtos frescos</li> <li>LC.2 - Sobre a información obligatoria e complementaria nas etiquetas dos produtos frescos</li> <li>LC.3 - Sobre a información obligatoria e complementaria nas etiquetas dos produtos frescos</li> <li>PE.1 - Sobre a normativa que afecta o envasamento de alimentos frescos</li> <li>PE.2 - Sobre a información obligatoria e complementaria nas etiquetas dos produtos frescos</li> </ul>	10,0
					<b>TOTAL</b>	<b>10,0</b>



**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Prelaboración e transformación de produtos de horticultura.	20

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Supervisa e elabora bandexas de froitas e verduras, segundo criterios de venda, aplicando a normativa sanitaria e de prevención de riscos laborais	SI
RA5 - Efectúa a etiquetaxe de produtos frescos, relacionando o tipo de produtos coa súa etiquetaxe e coas características do envase	NO

**4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecemento do produto e da súa limpeza para posterior venda.	1	Faise unha primeira prelaboración que consiste en limpeza e desinfección do produto por parte do profesor. <u>Diferenciaranse os diferentes tipo de produtos horticolas.</u>	8,0
2.1 Destrzas na práctica real.	2	Prelaboración e tratamento dos produtos horticolas por cada alumno de xeito individual.	12,0
<b>TOTAL</b>			<b>20</b>

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Comprobase o estado de froitas e verduras	● LC.1 - Sobre froitas e verduras	S	10
CA3.2 Dispúxéronse froitas e verduras en mostradores, expositores e bandexas	● LC.2 - Sobre como quedan dispostos no mostrador	N	3
CA3.3 Supervisáronse as condicións de orde e limpeza das zonas de traballo de froitas e verduras	● LC.3 - Preparación do posto de traballo	S	8
CA3.4 Realizouse e supervisouse a presentación e a talladura de froitas e verduras, en tamaño, forma e calidade, e en función do tipo de produto e dos requisitos da clientela	● LC.4 - Sobre froitas e verduras	N	5
CA3.5 Realizouse e supervisouse a exposición de pezas de froitas e verduras de xeito que garantan as súas propiedades e a súa conservación	● LC.5 - Sobre froitas e verduras	S	8
CA3.6 Supervisáronse e envasáronse as froitas e as verduras, en función das súas características e dos requisitos da clientela	● LC.6 - Sobre froitas e verduras e envases	N	5
CA3.7 Aplicouse a normativa de riscos laborais e hixiénico-sanitarios, en relación coas operacións de preparación e acondicionamento de froitas e verduras	● LC.7 - Sobre froitas e verduras e superficies de traballo	S	10
<u>CA3.8 Identificáronse os diferentes produtos de horticultura.</u>	● PE.1 - Sobre identificación de froitas e verduras	S	15
CA5.1 Aplicáronse as especificacións da normativa que afecta o envasamento de alimentos frescos	● LC.8 - Sobre froitas e verduras	N	5
CA5.2 Dispúxose a información obrigatoria e complementaria para incluír nas etiquetas, nos seus códigos de barras e nos rótulos de produtos alimentarios	● LC.9 - Sobre froitas e verduras	N	5
CA5.3 Comprobase que os produtos frescos envasados expostos dispoñan da etiquetaxe e das características de rastrexabilidade establecidas	● LC.10 - Sobre froitas e verduras	N	5
CA5.4 Relacionáronse as técnicas e os equipamentos de etiquetaxe co seu uso, en diferentes tipos de produtos alimentarios	● LC.11 - Sobre froitas e verduras e equipamento	N	5
CA5.5 Envasáronse e etiquetáronse produtos frescos en función dos requisitos de rastrexabilidade establecidos	● LC.12 - Sobre froitas e verduras e normativas vixentes	N	3
CA5.6 Verificouse a aplicación do código de barras aos produtos frescos, identificando etiquetas normalizadas e códigos de barras	● LC.13 - Sobre os produtos envasados	N	3

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.7 Verifícouse que a codificación do produto concorde coas súas características, propiedades e localización	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.14 - Sobre os produtos envasados</li> </ul>	N	5
CA5.8 Supervisouse a colocación de dispositivos de seguridade nos produtos alimentarios frescos expostos para a venda, utilizando os sistemas de protección pertinentes	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.15 - Sobre os produtos envasados</li> </ul>	N	5
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
<p><a href="#">Tipos de froitas e verduras</a></p> <p>Froitas e verduras. Comprobación atendendo a criterios de tamaño, madurez e aspecto visual.</p> <p>Disposición da exposición de froitas e verduras en mostradores expositores e bandexas. Estacionalidade, calidade e calibre. Propiedades e conservación.</p> <p>Supervisión da presentación e a talladura de froitas e verduras.</p> <p>Envasamento de froitas e verduras. Elaboración de bandexas. Características e requisitos da clientela.</p> <p>Medidas de seguridade e condicións hixiénico-sanitarias.</p> <p>Normativa sobre o envasamento de produtos frescos.</p> <p>Técnicas de etiquetaxe. Código de barras. Rótulos de produtos alimentarios.</p> <p>Rastrexabilidade.</p> <p>Envasamento de produtos frescos. Técnicas. Materiais. Sistemas e métodos de envasamento.</p> <p>Supervisión da colocación do código de barras. Coincidencia coas características, as propiedades e a localización do produto.</p> <p>Supervisión da colocación dos dispositivos de seguridade e protección.</p>

#### 4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Faise unha primeira prelaboración que consiste en limpeza e desinfección do produto por parte do profesor. Diferenciaranse os diferentes tipo de produtos horticolas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesor limpa hortalizas de venda ao público xeral. Explicase os diferentes tipos de froitas e hortalizas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Repite as operacións do profesor de xeito individual. Atende as explicacións do profesor</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resultado final aceptable e axeitado cara a venda en supermercados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Material e ferramentas básicas da industria alimentaria. Cañón e pantalla.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Sobre froitas e verduras</li> <li>LC.2 - Sobre como quedan dispostos no mostrador</li> <li>LC.3 - Preparación do posto de traballo</li> <li>LC.4 - Sobre froitas e verduras</li> <li>LC.5 - Sobre froitas e verduras</li> <li>LC.6 - Sobre froitas e verduras e envases</li> <li>LC.7 - Sobre froitas e verduras e superficies de traballo</li> <li>LC.8 - Sobre froitas e verduras</li> <li>LC.9 - Sobre froitas e verduras</li> <li>LC.10 - Sobre froitas e verduras</li> <li>LC.11 - Sobre froitas e verduras e equipamento</li> <li>LC.12 - Sobre froitas e verduras e normativas vixentes</li> <li>LC.13 - Sobre os produtos envasados</li> <li>LC.14 - Sobre os produtos envasados</li> <li>LC.15 - Sobre os produtos envasados</li> <li>PE.1 - Sobre identificación de froitas e verduras</li> </ul>	8,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Prelaboración e tratamento dos produtos hortícolas por cada alumno de xeito individual.	<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesor limpa e explica a diferenciación entre os distintos tipos de produtos hortícolas</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Resultado final axeitado á vendas de produtos en supermercados</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ferramentas propias da industria alimentaria no tratamento de froitas e hostalizas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Sobre froitas e verduras</li> <li>LC.2 - Sobre como quedan dispostos no mostrador</li> <li>LC.3 - Preparación do posto de traballo</li> <li>LC.4 - Sobre froitas e verduras</li> <li>LC.5 - Sobre froitas e verduras</li> <li>LC.6 - Sobre froitas e verduras e envases</li> <li>LC.7 - Sobre froitas e verduras e superficies de traballo</li> <li>LC.8 - Sobre froitas e verduras</li> <li>LC.9 - Sobre froitas e verduras</li> <li>LC.10 - Sobre froitas e verduras</li> <li>LC.11 - Sobre froitas e verduras e equipamento</li> <li>LC.12 - Sobre froitas e verduras e normativas vixentes</li> <li>LC.13 - Sobre os produtos envasados</li> <li>LC.14 - Sobre os produtos envasados</li> <li>LC.15 - Sobre os produtos envasados</li> <li>PE.1 - Sobre identificación de froitas e verduras</li> </ul>	12,0
<b>TOTAL</b>						<b>20,0</b>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Prelaboración e transformación de produtos de mar e río.	50

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Supervisa e realiza a obtención de porcións, preparacións e elaboracións de peixes e mariscos en función do tipo e da preparación adecuada ao destino culinario, consonte a normativa de prevención de riscos laborais, hixiénico-sanitaria e ambiental	SI
RA5 - Efectúa a etiquetaxe de produtos frescos, relacionando o tipo de produtos coa súa etiquetaxe e coas características do envase	NO

**4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os tipos de peixes e mariscos e a súa clasificación correspondente	1	Identifícarase cada especie de peixes e mariscos.	8,0
2.1 Coñecemento da prelaboración e limpeza para a súa venda.	2	Faise unha primeira prelaboración que consiste en limpeza e desinfección do produto por parte do profesor. Identifícarase cada especie de peixes e mariscos.	12,0
3.1 Desteza na práctica real.	3	Prelaboración e tratamento dos produtos do mar, río e derivados por cada alumno de xeito individual.	30,0
<b>TOTAL</b>			<b>50</b>

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Clasifícase o peixe segundo a súa orixe, a súa captura e a súa especie	● LC.1 - Sobre peixe e mariscos	S	7
CA2.2 Compróbase o estado dos peixes frescos e dos mariscos, atendendo ao seu aspecto, ao olor, á textura e á cor	● LC.2 - Sobre peixe e mariscos	S	8
CA2.3 Supervícase e realízase a limpeza, o desescamado, a peladura, o fileteado e a talladura do peixe e, de ser o caso, o descabezado, a evisceración ou o desespiñado, atendendo á súa especie e ao destino culinario	● LC.3 - Sobre peixes exclusivamente	S	8
CA2.4 Supervísanse e obtívense porcións de peixe requiridas segundo o tamaño, a forma e a calidade para o consumo, executando as técnicas de corte en función do tipo de peixe e do destino culinario	● LC.4 - Sobre peixes exclusivamente	S	8
CA2.5 Aconséllase á clientela o mellor tratamento e uso culinario dos peixes e dos mariscos	● LC.5 - Sobre peixe e mariscos	S	7
CA2.6 Dispúñense os peixes e os mariscos en mostradores e expositores, aplicando xeo e nebulizadores de auga, garantindo a súa conservación, a frescura e o atractivo visual	● LC.6 - Sobre a súa disposición en mostradores de peixes e mariscos	N	3
CA2.7 Identifícase o marisco e clasifícase segundo se trate de crustáceos ou de moluscos	● LC.7 - Sobre mariscos	S	8
CA2.8 Preparouse o marisco segundo o tamaño, a forma e a calidade, en función do tipo de marisco e o destino culinario	● LC.8 - Sobre mariscos	N	3
CA2.9 Supervícase o envasamento do produto, en función das súas características e dos requisitos da clientela	● LC.9 - Sobre mariscos e envasamentos	N	3
CA2.10 Realízanse e, posteriormente, supervísanse as condicións de orde e limpeza das zonas de traballo de peixaría	● LC.10 - Sobre peixes, mariscos e zonas de traballo	S	8
CA2.11 Aplícase a normativa de prevención de riscos laborais e hixiénico-sanitarios nas operacións de preparación e acondicionamento do peixe e o marisco	● LC.11 - Sobre peixes, mariscos e zonas de traballo	S	8
CA2.12 Identifícase o peixe segundo a súa orixe, a súa captura e a súa especie.	● PE.1 - Sobre peixes e mariscos	S	5

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Aplicáronse as especificacións da normativa que afecta o envasamento de alimentos frescos	● LC.12 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos	N	3
CA5.2 Dispúxose a información obrigatoria e complementaria para incluír nas etiquetas, nos seus códigos de barras e nos rótulos de produtos alimentarios	● LC.13 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos	N	3
CA5.3 Comprobouse que os produtos frescos envasados expostos dispoñan da etiquetaxe e das características de rastrexabilidade establecidas	● LC.14 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos	N	3
CA5.4 Relaciónáronse as técnicas e os equipamentos de etiquetaxe co seu uso, en diferentes tipos de produtos alimentarios	● LC.15 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos	N	3
CA5.5 Envasáronse e etiquetáronse produtos frescos en función dos requisitos de rastrexabilidade establecidos	● LC.16 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos	N	3
CA5.6 Verificouse a aplicación do código de barras aos produtos frescos, identificando etiquetas normalizadas e códigos de barras	● LC.17 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos	N	3
CA5.7 Verificouse que a codificación do produto concorde coas súas características, propiedades e localización	● LC.18 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos	N	3
CA5.8 Supervisouse a colocación de dispositivos de seguridade nos produtos alimentarios frescos expostos para a venda, utilizando os sistemas de protección pertinentes	● LC.19 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos	N	3
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
<p><a href="#">Tipos e clasificación de peixes e mariscos</a></p> <p>0Supervisión das condicións de orde e limpeza de zonas de traballo de peixaría.</p> <p>Medidas de seguridade. Normativa hixiénico-sanitaria.</p> <p>Clasificación do peixe segundo a súa orixe (de auga salgada ou de auga doce), segundo a súa captura (peixe salvaxe ou de criadeiros) e segundo a súa especie.</p> <p>Comprobación do estado de peixes e mariscos. Características organolépticas, estacionalidade, tamaños mínimos e estado de conservación.</p> <p>Supervisión e limpeza de peixe: desescamado, pelado, fileteado, talladura, descabezado, evisceración e desespiñado.</p> <p>Supervisión e obtención de porcións de peixe. Destino culinario e tipos de peixes.</p> <p>Identificación e clasificación do marisco. Crustáceos. Moluscos.</p> <p>Exposición en mostradores de peixes: conservación da frescura e atractivo visual.</p> <p>Preparación de mariscos: tamaño, forma, calidade, tipo e destino culinario.</p> <p>Supervisión do envasamento de peixes e mariscos. Métodos de envasamento.</p> <p>Asesoramento sobre produtos gourmet. Caviar. Afumados. Ventrecha. Salgaduras. Orixe e destino culinario.</p> <p>Normativa sobre o envasamento de produtos frescos.</p> <p>Técnicas de etiquetaxe. Código de barras. Rótulos de produtos alimentarios.</p> <p>Rastrexabilidade.</p> <p>Envasamento de produtos frescos. Técnicas. Materiais. Sistemas e métodos de envasamento.</p> <p>Supervisión da colocación do código de barras. Coincidencia coas características, as propiedades e a localización do produto.</p> <p>Supervisión da colocación dos dispositivos de seguridade e protección.</p>

**4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Identificarase cada especie de peixes e mariscos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Caracterización e clasificación dos peixes e mariscos - Estudo e caracterización das principais especies de peixes e mariscos máis consumidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Escoita o profesor. Toma notas. Pregunta dúbidas. Realiza cuestionarios de asimilación e comprobación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes e cuestionarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula polivalente coa dotación habitual (mesas, cadeiras, ordenador e proxector, pizarra...)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Sobre peixes e mariscos</li> </ul>	8,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Faise unha primeira prelaboración que consiste en limpeza e desinfección do produto por parte do profesor. Identificarase cada especie de peixes e mariscos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesor limpa e trata o produto de mar e río para a venda ao público</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O alumno repite as tarefas amosadas polo profesor</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resultado aceptable e axeitado para a venda de produtos no supermercado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Material e ferramenta apta para o tratamento dos produtos na industria alimentaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Sobre peixe e mariscos</li> <li>LC.2 - Sobre peixe e mariscos</li> <li>LC.3 - Sobre peixes exclusivamente</li> <li>LC.4 - Sobre peixes exclusivamente</li> <li>LC.5 - Sobre peixe e mariscos</li> <li>LC.6 - Sobre a súa disposición en mostradores de peixes e mariscos</li> <li>LC.7 - Sobre mariscos</li> <li>LC.8 - Sobre mariscos</li> <li>LC.9 - Sobre mariscos e envasamentos</li> <li>LC.10 - Sobre peixes, mariscos e zonas de traballo</li> <li>LC.11 - Sobre peixes, mariscos e zonas de traballo</li> <li>LC.12 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos</li> <li>LC.13 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos</li> <li>LC.14 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos</li> <li>LC.15 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos</li> <li>LC.16 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos</li> <li>LC.17 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos</li> <li>LC.18 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos</li> <li>LC.19 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos</li> <li>PE.1 - Sobre peixes e mariscos</li> </ul>	12,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Prelaboración e tratamento dos produtos do mar, río e derivados por cada alumno de xeito individual.	<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesor amosa de forma demostrativa o tratamento dos produtos; limpeza, desespiñado e corte.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O alumno repite de forma práctica o amosado polo profesor</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resultado aceptable e axeitado para a venda de produtos en supermercados</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Material e ferramentas para o tratamento e manipulación dos produtos na industria alimentaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Sobre peixe e mariscos</li> <li>LC.2 - Sobre peixe e mariscos</li> <li>LC.3 - Sobre peixes exclusivamente</li> <li>LC.4 - Sobre peixes exclusivamente</li> <li>LC.5 - Sobre peixe e mariscos</li> <li>LC.6 - Sobre a súa disposición en mostradores de peixes e mariscos</li> <li>LC.7 - Sobre mariscos</li> <li>LC.8 - Sobre mariscos</li> <li>LC.9 - Sobre mariscos e envasamentos</li> <li>LC.10 - Sobre peixes, mariscos e zonas de traballo</li> <li>LC.11 - Sobre peixes, mariscos e zonas de traballo</li> <li>LC.12 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos</li> <li>LC.13 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos</li> <li>LC.14 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos</li> <li>LC.15 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos</li> <li>LC.16 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos</li> <li>LC.17 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos</li> <li>LC.18 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos</li> <li>LC.19 - Sobre peixes, mariscos e envasamentos</li> <li>PE.1 - Sobre peixes e mariscos</li> </ul>	30,0
<b>TOTAL</b>						<b>50,0</b>

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Prelaboración e transformación de produtos cármicos	57

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Supervisa e realiza a obtención de porcións e preparacions de carne e derivados cármicos, aplicando a técnica de corte en función da peza e do destino culinario, consonte a normativa de prevención de riscos laborais	SI
RA5 - Efectúa a etiquetaxe de produtos frescos, relacionando o tipo de produtos coa súa etiquetaxe e coas características do envase	NO

**4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Definición e clasificación da carne segundo a res ou a especie de orixe	1	Describir e clasificar a carne segundo a res ou a especie de orixe.	7,0
2.1 Coñecemento dos produtos e a súa limpeza.	2	Faise unha primeira prelaboración que consiste en limpeza e desinfección do produto por parte do profesor.	15,0
3.1 Destrezas na práctica real.	3	Prelaboración e tratamento dos produtos cármicos e derivados por cada alumno de xeito individual.	35,0
<b>TOTAL</b>			<b>57</b>

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Clasifícase e agrúpase a carne segundo a res ou a especie de orixe, facendo especial mención aos produtos autóctonos	● LC.1 - Sobre carnes de diferentes especies e derivados	S	15
CA1.2 Compróbase o estado dos produtos cármicos, atendendo ao seu aroma e á súa cor	● LC.2 - Sobre carnes de diferentes especies	S	10
CA1.3 Supervícase e realízase o desosado e o despezamento de canais de carne e outras pezas cármicas, seguindo as técnicas apropiadas e cumprindo a normativa hixiénico-sanitaria e de prevención de riscos laborais	● LC.3 - Sobre carnes de diferentes especies	S	10
CA1.4 Supervísanse e elaboráanse derivados cármicos frescos en función do destino culinario e as características do tipo de animal	● LC.4 - Sobre carnes de diferentes especies	N	5
CA1.5 Relaciónanse os tipos de corte de pezas e derivados cármicos co seu uso ou a súa aplicación posteriores	● LC.5 - Sobre carnes de diferentes especies	N	5
CA1.6 Obtívense e supervísanse porcións de carne, chacinaria e produtos cármicos para o consumo en función do produto e o seu destino final, executando as técnicas de corte requiridas	● LC.6 - Sobre carnes e derivados	N	3
CA1.7 Recomendouse á clientela a mellor aplicación culinaria das pezas obtidas e dos derivados cármicos	● LC.7 - Sobre carnes e derivados	S	10
CA1.8 Dispúxéronse as pezas de carne e os derivados cármicos en mostradores e expositores, garantindo a súa conservación, a súa frescura e o seu atractivo visual	● LC.8 - Sobre carnes e derivados	N	2
CA1.9 Envasouse e supervícase o envasamento do produto ou derivado cármico en función das súas características e dos requisitos da clientela	● LC.9 - Sobre carnes e derivados	N	2
CA1.10 Supervísanse as condicións de orde e limpeza das zonas de traballo de carnicaría	● LC.10 - Sobre carnes e derivados	S	10
CA1.11 Aplícase a normativa de prevención de riscos laborais e hixiénico-sanitarios nas operacións de preparación e acondicionamento de carne e derivados	● LC.11 - Sobre carnes e derivados	N	2
CA1.12 Identifícanse a carne segundo a res ou a especie de orixe	● PE.1 - Sobre carne e derivados.	S	10
CA5.1 Aplícanse as especificacións da normativa que afecta o envasamento de alimentos frescos	● LC.12 - Sobre produtos autóctonos	N	2

Crterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.2 Dispúxose a información obrigatoria e complementaria para incluír nas etiquetas, nos seus códigos de barras e nos rótulos de produtos alimentarios	● LC.13 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos	N	2
CA5.3 Comprobouse que os produtos frescos envasados expostos dispoñan da etiquetaxe e das características de rastrexabilidade establecidas	● LC.14 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos	N	2
CA5.4 Relacionáronse as técnicas e os equipamentos de etiquetaxe co seu uso, en diferentes tipos de produtos alimentarios	● LC.15 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos	N	2
CA5.5 Envasáronse e etiquetáronse produtos frescos en función dos requisitos de rastrexabilidade establecidos	● LC.16 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos	N	2
CA5.6 Verificouse a aplicación do código de barras aos produtos frescos, identificando etiquetas normalizadas e códigos de barras	● LC.17 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos	N	2
CA5.7 Verificouse que a codificación do produto concorde coas súas características, propiedades e localización	● LC.18 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos	N	2
CA5.8 Supervisouse a colocación de dispositivos de seguridade nos produtos alimentarios frescos expostos para a venda, utilizando os sistemas de protección pertinentes	● LC.19 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos	N	2
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
<p><a href="#">Tipos de carne segundo a res ou especie de orixe</a></p> <p>Clasificación das carnes en función da res ou da orixe: vacún, ovino e caprino, porcino, equino e carnes de aves de curral e caza. Produtos autóctonos.</p> <p>Comprobación do estado dos produtos cárnicos. Aroma e cor.</p> <p>Técnicas de desosado e despezamento de canais e pezas cárnicas.</p> <p>Supervisión e elaboración de derivados cárnicos frescos: carne picada, adobada e salchichas frescas. Destino culinario e características do animal.</p> <p>Tipos de corte de pezas e derivados cárnicos. Uso culinario.</p> <p>Exposición en mostradores de pezas e produtos cárnicos: conservación, fresca e atractivo visual.</p> <p>Supervisión do envasamento do produto cárnico e os seus derivados. Características e requisitos da clientela.</p> <p>Medidas de seguridade. Normativa hixiénico-sanitaria.</p> <p>Normativa sobre o envasamento de produtos frescos.</p> <p>Técnicas de etiquetaxe. Código de barras. Rótulos de produtos alimentarios.</p> <p>Rastrexabilidade.</p> <p>Envasamento de produtos frescos. Técnicas. Materiais. Sistemas e métodos de envasamento.</p> <p>Supervisión da colocación do código de barras. Coincidencia coas características, as propiedades e a localización do produto.</p> <p>Supervisión da colocación dos dispositivos de seguridade e protección.</p>

#### 4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Describir e clasificar a carne segundo a res ou a especie de orixe.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explica material didáctico. Realiza cuestións e resolve dúbidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Escoita o profesor. Toma notas. Pregunta dúbidas. Realiza cuestionarios de asimilación e comprobación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Definición e clasificación das diferentes carnes segundo a res ou a especie de orixe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula polivalente coa dotación habitual (mesas, cadeiras, ordenador e proxector, pizarra...)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Sobre carne e derivados.</li> </ul>	7,0
Faise unha primeira prelaboración que consiste en limpeza e desinfección do produto por parte do profesor.	<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesor limpa e trata o produto cárnico para a venda ao público</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Repite as tarefas propias de manipulación do produto que fixo o profesor</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resultado propio do tratamento do produto cárnico para a venda en supermercados</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ferramentas e utensilios propios da industria alimentaria cárnica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Sobre carnes de diferentes especies e derivados</li> <li>LC.2 - Sobre carnes de diferentes especies</li> <li>LC.3 - Sobre carnes de diferentes especies</li> <li>LC.4 - Sobre carnes de diferentes especies</li> <li>LC.5 - Sobre carnes de diferentes especies</li> <li>LC.6 - Sobre carnes e derivados</li> <li>LC.7 - Sobre carnes e derivados</li> <li>LC.8 - Sobre carnes e derivados</li> <li>LC.9 - Sobre carnes e derivados</li> <li>LC.10 - Sobre carnes e derivados</li> <li>LC.11 - Sobre carnes e derivados</li> <li>LC.12 - Sobre produtos autóctonos</li> <li>LC.13 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos</li> <li>LC.14 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos</li> <li>LC.15 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos</li> <li>LC.16 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos</li> <li>LC.17 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos</li> <li>LC.18 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos</li> <li>LC.19 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos</li> </ul>	15,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Prelaboración e tratamento dos produtos cármicos e derivados por cada alumno de xeito individual.	<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesor fai unha demostración práctica da limpeza e tratamento dos diferentes produtos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O alumno repite as tarefas mostradas polo profesor</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resultado aceptable e axeitado para a venda en supermercados</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Material e ferramenta axeitada no tratamento de produtos cármicos na industria alimentaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Sobre carnes de diferentes especies e derivados</li> <li>LC.2 - Sobre carnes de diferentes especies</li> <li>LC.3 - Sobre carnes de diferentes especies</li> <li>LC.4 - Sobre carnes de diferentes especies</li> <li>LC.5 - Sobre carnes de diferentes especies</li> <li>LC.6 - Sobre carnes e derivados</li> <li>LC.7 - Sobre carnes e derivados</li> <li>LC.8 - Sobre carnes e derivados</li> <li>LC.9 - Sobre carnes e derivados</li> <li>LC.10 - Sobre carnes e derivados</li> <li>LC.11 - Sobre carnes e derivados</li> <li>LC.12 - Sobre produtos autóctonos</li> <li>LC.13 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos</li> <li>LC.14 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos</li> <li>LC.15 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos</li> <li>LC.16 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos</li> <li>LC.17 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos</li> <li>LC.18 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos</li> <li>LC.19 - Sobre produtos autóctonos e envasamentos</li> </ul>	35,0
<b>TOTAL</b>						<b>57,0</b>

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Produtos alimentarios	10

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza e supervisa a preparación de produtos alimentarios, aplicando as técnicas pertinentes ao produto, e asesora sobre as características e as posibilidades de consumo	SI

**4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar produtos alimentarios: xamón, queixos, viños e produtos gourmet.	1	Identificación de produtos alimentarios e as posibilidades de consumo	10,0
<b>TOTAL</b>			<b>10</b>

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Supervisouse a presentación e a exposición de viños, queixos e produtos gourmet, e en especial dos produtos galegos con denominación de orixe, en función das características do produto	● LC.1 - Sobre queixos, viños e produtos gourmet	N	10
CA4.2 Realizouse e supervisouse o corte do xamón de calidade de xeito manual, aplicando as técnicas adecuadas	● LC.2 - Sobre o corte de xamón	N	12
CA4.3 Realizouse e supervisouse o corte ou a talladura do queixo de calidade en función do tipo de queixo e da técnica de corte apropiada ás súas características	● LC.3 - Sobre o corte de queixo	N	13
CA4.4 Realizouse e supervisouse a preparación de táboas de queixos, xamón e embutidos, en función das súas denominacións, o tipo de leite e a degustación	● LC.4 - Sobre a preparación de queixos, xamón e embutidos.	N	10
CA4.5 Asesorouse sobre as características de viños de calidade e, en especial, dos produtos galegos, en función da súa orixe, a anada, as variedades de uva e a maridaxe			0
<b>CA4.5.1 Identifícanse os viños con denominación de orixe galego, variedades e a maridaxe</b>	● PE.1 - Sobre viños	S	15
CA4.6 Asesorouse sobre as características de queixos, as súas posibilidades de consumo e o destino culinario			0
<b>CA4.6.1 Identifícanse o proceso de elaboración xeral dos queixos</b>	● PE.2 - Sobre queixos	S	15
<b>CA4.6.2 Identifícanse os queixos con denominación de orixe galegos</b>	● PE.3 - Sobre as DOP dos queixos galegos	S	15
CA4.7 Asesorouse sobre outros produtos gourmet en función da orixe, a forma de consumo e o destino culinario	● LC.5 - Sobre asesoramento produtos gourmet.	S	10
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Viños, queixos e produtos gourmet. Presentación e exposición.
Técnicas de corte: manuais e mecánicas. Xamóns de calidade.
Queixos. Técnicas de talladura e corte.

Contidos
Supervisión da elaboración de táboas de queixos, xamóns e embutidos. Características: aroma, sabor e proído.
Asesoramento sobre viños. Calidade, anada, variedades de uva e maridaxe.  <i>Xeografía vinívnicola galega, variedades de uva e maridaxe</i>
Asesoramento sobre queixos. Fraxilidade. Densidade. Dureza. Cremosidade. Destino culinario.  <i>Elaboración de queixos</i>  <i>Denominación de orixe dos queixos galegos</i>

**4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Identificación de produtos alimentarios e as posibilidades de consumo	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explica material didáctico. Realiza cuestión e resolve dúbidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Escoita o profesor. Toma notas. Pregunta dúbidas. Realiza cuestionarios de asimilación e comprobación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Produtos alimentarios: queixos, xamon, viños e produtos gourmet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula polivalente coa dotación habitual (mesas, cadeiras, ordenador e proxector, pizarra...)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Sobre queixos, viños e produtosourmet</li> <li>LC.2 - Sobre o corte de xamón</li> <li>LC.3 - Sobre o corte de queixo</li> <li>LC.4 - Sobre a preparación de queixos, xamon e embutidos.</li> <li>LC.5 - Sobre asesoramento produtos gourmet.</li> <li>PE.1 - Sobre viños</li> <li>PE.2 - Sobre queixos</li> <li>PE.3 - Sobre as DOP dos queixos galegos</li> </ul>	10,0
<b>TOTAL</b>						<b>10,0</b>

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os MINIMOS ESIXIBLES son:

CA1.1. Clasifícase e agrúpase a carne segundo a res ou a especie de orixe, facendo especial mención aos produtos autóctonos

CA1.2. Comprobase o estado dos produtos cárnicos, atendendo ao seu aroma e á súa cor.

CA1.3. Supervísase e realízase o desosado e o despezamento de canais de carne e outras pezas cárnicas, seguindo as técnicas apropiadas e cumprindo a normativa hixiénico-sanitarias e de prevención de riscos laborais.

CA1.7. Recoméndase á clientela a mellor aplicación culinaria das pezas obtidas e dos derivados cárnicos.

CA1.10. Supervísanse as condicións de orde e limpeza das zonas de traballo de carnizaría.

CA1.12 - Identifícanse a carne segundo a res ou a especie de orixe

CA2.1. Clasifícase o peixe segundo a súa orixe, a súa captura e a súa especie.

CA2.2. Comprobase o estado dos peixes frescos e dos mariscos, atendendo ao seu aspecto, ao olor, á textura e á cor.

CA2.3. Supervísase e realízase a limpeza, o desescamado, a peladura, o fileteado e a talladura do peixe e, de ser o caso, o descabezado, a evisceración ou o desespiñado, atendendo á súa especie e ao destino culinario.

CA2.4. Supervísanse e obtívense porcións de peixe requeridas segundo o tamaño, a forma e a calidade para o consumo, executando as técnicas de corte en función do tipo de peixe e do destino culinario.

CA2.5. aconséllaselle á clientela o mellor tratamento e uso culinario dos peixes e dos mariscos.

CA2.7. Identifícase o marisco e clasifícase segundo se trate de crustáceos ou de moluscos.

CA2.10. Realízanse e, posteriormente, supervísanse as condicións de orde e limpeza das zonas de traballo de peixaría.

CA2.11. Aplícase a normativa de prevención de riscos laborais e hixiénico-sanitarios nas operacións de preparación e acondicionamento do peixe e o marisco.

CA2.12 - Identifícase o peixe segundo a súa orixe, a súa captura e a súa especie.

CA3.1. Comprobase o estado de froitas e verduras.

CA3.3. Supervísanse as condicións de orde e limpeza das zonas de traballo de froitas e verduras.

CA3.5. Realízase e supervísase a exposición de pezas de froitas e verduras de xeito que garantan as súas propiedades e a súa conservación.

CA3.7. Aplícase a normativa de riscos laborais e hixiénico-sanitarios, en relación coas operacións de preparación e acondicionamento de froitas e verduras.

CA3.8 - Identifícanse os diferentes produtos de horticultura.

CA4.5 - Asesorase sobre as características de viños de calidade e, en especial, dos produtos galegos, en función da súa orixe, a anada, as variedades de uva e a maridaxe

CA4.5.1 - Identifícanse os viños con denominación de orixe galego, variedades e a maridaxe

CA4.6 - Asesorase sobre as características de queixos, as súas posibilidades de consumo e o destino culinario

CA4.6.1 - Identifícase o proceso de elaboración xeral dos queixos

CA4.6.2 - Identifícase os queixos con denominación de orixe galegos

CA4.7 - Asesorase sobre outros produtos gourmet en función da orixe, a forma de consumo e o destino culinario



CA5.1 - Aplicáronse as especificacións da normativa que afecta o envasamento de alimentos frescos

CA5.1.1 - Identificouse as especificacións da normativa que afecta o envasamento de alimentos frescos.

CA5.2 - Dispúxose a información obrigatoria e complementaria para incluír nas etiquetas, nos seus códigos de barras e nos rótulos de produtos alimentarios

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Ao longo do curso, haberá tres avaliacións de carácter continuo, que segundo a Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial e na Orde do 6 de xuño de 2016, pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades estarán divididas do seguinte xeito:

1ª AVALIACIÓN e 2ª AVALIACIÓN serán desenvolvidas no Centro Educativo e representa o 60% das horas totais do módulo (147 horas).

A nota obtida nestas avaliacións parciais será reflexo dos contidos e as actividades propostas no centro educativo e os criterios aplicados serán:

Realizaranse dous tipos de probas:

- Probas Escritas: terán un peso dun 10% na nota da avaliación, e serán avaliadas cunha nota numérica, comprendida entre 1 e 10.
- Probas Prácticas: terán un peso dun 90% na nota da avaliación. Estas probas serán axeitadas as actividades programadas e feitas na aula taller durante o curso, serán avaliadas mediante táboas de observación e serán puntuadas numericamente, cun valor entre 1 e 10. Nelas valoraranse tamén contidos actitudinais (traballo en equipo, actitude ...). Ditas probas prácticas poderán ser: Prácticas na Cociña, traballos de investigación propostos pola profesora, actividades na aula virtual ...

Será necesario levar a indumentaria axeitada (EPI: cofia, bata, calzado, máscara, ademais de gafas e luvas cando sexa preciso; con ausencia de pendentes, reloxos, colgantes e cando sexa requerido do teléfono móbil) para a realización das prácticas na Cociña. A Directiva 89/686/CCE1 do Consello do Goberno de 30 - 11 - 1989, establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde empregadas por parte dos traballadores. A efectos de dita Directiva, enténdese por Equipo de Protección Individual (EPI), calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado polo/a traballador/a para protexelo/a dun ou varios riscos, que poidan ameazar a súa seguridade ou saúde no traballo, así como calquera complemento ou accesorio destinado a tal fin. Tendo en conta dita normativa, o alumnado que acuda as prácticas sin o EPI completo, non poderá realízalas, tendo que permanecer na Aula onde se imparten as clases teóricas no Centro Carlos Oroza, realizando tarefas asignadas pola profesora. Tendo especial coidado, co alumnado menor de idade.

Ambos tipos de probas, tanto as escritas coma as prácticas, serán avaliadas de maneira independente, sendo necesario acadar a lo menos un cinco en cada unha delas, para poder superar a avaliación. As probas escritas poderán incluír preguntas de desenvolvemento, completar cadros, oracións, debuxos, cuestións tipo test, preguntas de verdadeiro e falso (nas preguntas tipo test e nas de verdadeiro e falso, dúas respostas fallidas anulan unha pregunta correcta) relativas aos contidos abordados en cada avaliación. Nas diversas probas indícarase ao alumnado a puntuación de cada pregunta, así coma todas aquelas cuestións necesarias para a súa realización.

Os alumnos que non poidan acudir ao exame na data establecida, non terán dereito á repetición do mesmo, salvo causa debidamente xustificada nos cinco días posteriores á falta. As probas faranse periodicamente e con previo aviso de, a lo menos, 72 horas.

O total da puntuación asignada a cada unha das probas (escritas e prácticas), será a resultante de dividir a suma de todas as notas, entre o número de probas realizadas. A nota final da avaliación será a suma do 30% correspondente as probas escritas, e o 70% das probas prácticas plantexadas na avaliación.

### 3ª AVALIACIÓN E AVALIACIÓN FINAL

A nota obtida nesta avaliación será reflexo dos contidos e actividades propostas polas empresas e que serán recollidas nunha táboa de observación segundo os RA reflectidos na programación. Dita táboa será cuberta pola docente tras a sesión conxunta celebrada previamente, entre o equipo docente e os/as titores/as na empresa.

Será necesario acadar a lo menos un 5 en cada unha das avaliacións para obter cualificación positiva no módulo e non ter que realizar o exame final.

A nota da terceira avaliación do módulo será obtida tendo en conta as porcentaxes das horas realizadas no centro educativo e na empresa calculando a media ponderada das tres avaliacións: o 60% corresponderá á media aritmética das calificacións obtidas na primeira e segunda avaliación e o 40% restante a cualificación obtida na terceira avaliación; se o módulo está superado a cualificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial.

Para a calificación das probas prácticas trimestrais e final o procedemento será como se expresa a continuación, e queda reflectido na lista de cotexo ao respecto que estará en posesión do profesor e se lles fará chegar unha copia despois da avaliación coa calificación que se lles foi dada, segundo a avaliación.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Haberá unha única recuperación, onde o alumnado se examinará soamente daquelas partes que teña suspensas, dado o carácter continuo da formación.

Para a recuperación do alumnado que non sexa capaz de superar cunha avaliación positiva o módulo profesional deseñárase un plan de recuperación que abrangerán os días ao efecto do mes marcado para realizala.

Os alumnos que non poidan acudir ao exame na data establecida non terán dereito a repetición do mesmo, salvo causa debidamente xustificada antes de 5 días.

Realizaranse dous tipos de probas de recuperación:

- Probas Escritas: terán un peso dun 10% na nota, e serán avaliadas cunha nota numérica, comprendida entre 1 e 10.
- Probas Prácticas: terán un peso dun 90% na nota. Estas probas serán axeitadas as actividades programadas e feitas na aula taller durante o curso, serán avaliadas mediante táboas de observación e serán puntuadas numéricamente, cun valor entre 1 e 10. Ditas probas prácticas poderán ser: Prácticas na Cociña, traballos de investigación propostos pola profesora, actividades na aula virtual ...

Para a calificación das probas prácticas das avaliacións parcial, o procedemento será como se expresa a continuación, e queda reflectido na lista de cotexo ao respecto que estará en posesión do profesor e se lles fará chegar unha copia despois da avaliación coa calificación que se lles foi dada, segundo a avaliación.

Ambos tipos de probas, tanto as escritas coma as prácticas, serán avaliadas de maneira independente, sendo necesario acadar a lo menos un cinco en cada unha delas, para poder superar a avaliación. As probas escritas poderán incluír preguntas de desenvolvemento, completar cadros, oracións, debuxos, cuestións tipo test, preguntas de verdadeiro e falso (nas preguntas tipo test e nas de verdadeiro e falso, dúas respostas fallidas

anulan unha pregunta correcta) relativas aos contidos abordados en cada avaliación. Nas diversas probas indícarase ao alumnado a puntuación de cada pregunta, así coma todas aquelas cuestións necesarias para a súa realización.

No suposto de que se pase de curso con este módulo pendente, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, que serán as mesmas que para acadar os mínimos esixibles que conforman a avaliación desta programación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación previa á realización da FCT en período ordinario.

En ambos casos realizarase un informe de avaliación individualizado. (MD.75.AVA.01 do procedemento de Avaliación PR.75.AVA.01)

## **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

### PERDA DE DEREITO A AVALIACIÓN CONTINUA

A asistencia a clase é obrigatoria, posto que o alumnado está a cursar unha ensinanza presencial. O alumnado perderá o dereito a avaliación continua (PD), cando as faltas inxustificadas superen o 10% do cómputo horario do módulo (reflectido no NOF do centro). Previamente, cando a porcentaxe de faltas chegue ao 6%, a súa titora notificaralle o apercibimento correspondente.

No artigo 25.5 da ORDE do 12 de xullo de 2011, pola que se regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, establécese que o alumnado que perde o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente (Probas Escritas e Probas Prácticas), terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final do módulo, sendo necesaria a presentación de todos os traballos e demais probas propostas ao longo do curso.

O alumnado con PD poderá seguir asistindo ás clases e ás prácticas, pero tendo en conta o establecido na ORDE anteriormente citada, o profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades ao alumnado que perde o dereito a avaliación continua, sempre que poida implicar algún tipo de risco par si mesmos, ao resto do grupo ou ás instalacións.

Os alumnos que non poidan acudir ao exame na data establecida non terán dereito a repetición do mesmo, salvo causa debidamente xustificada antes de 5 días.

A avaliación final de recuperación será idéntica ás trimestrais; deste xeito, a proba final realizarase segundo o criterio:

Realizaranse dous tipos de probas:

- Probas Escritas: terán un peso dun 10% na nota da recuperación, e serán avaliadas cunha nota numérica, comprendida entre 1 e 10.
- Probas Prácticas: terán un peso dun 90% na nota da recuperación. Estas probas serán axeitadas as actividades programadas e feitas na aula taller durante o curso, serán avaliadas mediante táboas de observación e serán puntuadas numericamente, cun valor entre 1 e 10. Ditas probas prácticas poderán ser: Prácticas na Cociña, traballos de investigación propostos pola profesora, actividades na aula virtual ...

Para a calificación da proba práctica final o procedemento será como se expresa a continuación, e queda reflectido na lista de cotexo ao respecto que estará en posesión do profesor e se lles fará chegar unha copia despois da avaliación coa calificación que se lles foi dada, segundo a avaliación.

Ambos tipos de probas, tanto as escritas coma as prácticas, serán avaliadas de maneira independente, sendo necesario acadar a lo menos un cinco en cada unha delas, para poder superar a avaliación. As probas escritas poderán incluír preguntas de desenvolvemento, completar cadros,

oracións, debuxos, cuestións tipo test, preguntas de verdadeiro e falso (nas preguntas tipo test e nas de verdadeiro e falso, dúas respostas fallidas anulan unha pregunta correcta) relativas aos contidos abordados en cada avaliación. Nas diversas probas indícase ao alumnado a puntuación de cada pregunta, así como todas aquelas cuestións necesarias para a súa realización.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

O seguimento realizarase por plataforma.

No seguimento da programación teranse en conta as conclusións obtidas na avaliación inicial.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización
- O logro dos obxectivos programados
- Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabábase información a través de cuestionarios periódicos pasados ao alumnado no marco do sistema de calidade implantado no CIFP nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

Así mesmo, semanalmente introducirase na aplicación de seguimento de programacións didácticas o avance na consecución da materia impartida. Anotarase as desviacións, de selo caso, informándose deste aspecto ao Xefe do departamento na reunión periódica que se mantén para verificar o seguimento da programación didáctica dos módulos profesionais do departamento.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado polo centro ao final de curso.

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Tal e como se establece na lexislación vixente, ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Esta avaliación inicial permitirá coñecer todo o relacionado coa motivación do alumnado, a actitude coa que se enfrenta ao proceso de ensinanza-aprendizaxe e os coñecementos que ten sobre a materia que se vai impartir, así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan. Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, no seu caso.

- b) Dos estudos académicos ou os ensinos de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou dictames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

Para iso, neste módulo pasarase durante a primeira quincena do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado que se complementará cos datos proporcionados pola titora e datos de información de matrícula. Utilízase o cuestionario inicial do alumnado facilitado polo centro para a recollida dos datos do alumnado.

Para a súa aplicación empregaranse:

- Cuestionario de motivación inicial. Os indicadores deste cuestionario son: nivel de estudos realizados, interese na realización do módulo, información sobre o contido do mesmo, grao de experiencia no sector, expectativas sobre o módulo.

- Cuestionario de coñecementos iniciais. Baseado nos contidos do módulo.

A información que subministra a avaliación inicial deberá servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica e aportar ó profesor información sobre o que realmente progresa o alumno ao longo do curso respecto aos seus coñecementos iniciais. Asemade, tamén resulta relevante extraer información sobre o entorno no que se desenvolve o alumno, inclusive o contexto familiar e o seu entorno social máis achegado.

En todo caso, a avaliación inicial nunca será representativa na cualificación final do alumnado.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente na mesma recolleranse nun acta, da que se entregará copia na jefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración dos ensinos. Esta avaliación inicial en ningún caso levará consigo cualificación para o alumnado.

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades proponendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece o artigo 61 do Decreto 114/2010, de 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

Aqueles alumnos que non consexan un aproveitamento aceptable nas sesións de ensino e aprendizaxe, e polo tanto non respondan globalmente aos obxectivos programados, deberán ser tratados de xeito individualizado aplicando algunha/s das seguintes actuacións, sempre no marco das reunións e acordos do equipo docente do ciclo e en colaboración co titor e co orientador:

- Axustes na metodoloxía, adaptando as axudas e recursos pedagóxicos ás necesidades do/s alumno/s.
- Actividades diferenciadas, proponendo aos/as alumnos/as que presentan algunha dificultade para traballar certos contidos, actividades que lles

permitan aproximarse a estes.

- Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado.
- Materiais didácticos variados, que ofrezan un conxunto de actividades que aborden os contidos de distintas maneiras. - Darase a oportunidade de realizar actividades extra ou de reforzo para compensar as carencias detectadas.
- Adaptaranse as actividades de ensino e aprendizaxe esixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables.
- Realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.
- Utilizaranse técnicas de traballo cooperativo.
- Reforzo positivo, valorando as capacidades do alumno e o esforzo realizado, e mellorando a súa autoestima.
- Se o alumno non supera a avaliación, volveranse realizar actividades de recuperación, incidindo naqueles puntos nos que o alumno presente maiores dificultades.
- No caso de que non responda ou non progrese coas actuacións anteriores, solicitar asesoramento e colaboración do Departamento de Orientación do centro, para levar a cabo algunha medida adicional, como podería ser a solicitude de apoio educativo ou chegado o caso a flexibilización modular.
- En todo caso, a cualificación do alumno farase tomando como referencia os aspectos máis esenciais que permitan a consecución da competencia xeral característica do título.

Tamén pode darse o caso de atoparnos con alumnado que requira de materiais e información máis ampliada dado que a súa capacidade e motivación son polo xeral maiores que as da media do grupo. En tal suposto, a profesora faralle entrega de material e exercicios complementarios e con maior grao de dificultade, de maneira que se facilite o desenvolvemento do alumno.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como o respecto aos compañeiros, profesores, talleres, e material de traballo, traballaranse a través de diferentes actividades. Todos estes son aspectos transversais que estarán presentes na aula de forma permanente e que deberán converterse en importantes principios didácticos que aporten carácter a todo o currículo. Así, temos:

Metodoloxía no caso de ensinanzas telemática parcial (arredor do 20%):

Durante o horario da ensinanza telemática o alumnado resolverá, a maior parte do tempo, tarefas encargadas polo profesor. Durante este horario o profesor permanecerá conectado a aula virtual e a disposición para a resolución de dúbidas.

Excepcionalmente pódense utilizar outras metodoloxías como a gravación de vídeos explicativos que se colgarían na aula virtual ou tamén explicacións por medio de videoconferencia.

Metodoloxía no caso de ensinanza telemática total (por confinamento)

Nesta situación farase un uso como mais extensivo tanto dos vídeos como das explicacións por medio de videoconferencia.

Metodoloxía no caso de ensinanza telemática para algún alumno en corentena

O alumnado terá a súa disposición, na aula virtual, todo o material necesario para o seguimento do módulo e a realización das tarefas que corresponda facer nese período.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	Luís Seoane	Pontevedra	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CMCOM02	Comercialización de produtos alimentarios	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1613	Comercio electrónico en negocios alimentarios	2023/2024	8	133	159
MP1613_12	Planificación e estratexias de márketing dixital en negocios alimentarios	2023/2024	8	33	39
MP1613_22	Constitución, xestión, mantemento e valoración do comercio en liña de produtos ali-mentarios	2023/2024	8	100	120

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	IRIA MORGADE VALCÁRCEL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coa empresa XXXXXXXXXXXX, no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.



**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados	Resultados de aprendizaxe			
					161312	161322			
					RA1	RA1	RA2	RA3	RA4
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	16	20	X				
2	Plan de comercio electrónico	Elaboración de plans de comercio electrónico en establecementos alimentarios	23	30	X				
3	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	48	20			X		
4	Creación da tenda	Constitución dunha tenda en liña de produtos alimentarios	18	7		X			
5	Xestión da tenda	Xestión de recepción, entrega e cobramento de pedidos	18	8			X		
6	Mantemento	Mantemento da páxina web corporativa, a tenda electrónica e o catálogo en liña	18	7				X	
7	Rendemento	Valoración do rendemento do comercio electrónico alimentario	18	8					X
Total:			159						

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	16

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora plans de comercio electrónico en establecementos alimentarios, tendo en conta as novas formas de relación co público obxectivo e as estratexias dixitais existentes	NO

##### 4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Realización de tarefas relacionadas co ecommerce	1	Actividades na empresa.	16,0
<b>TOTAL</b>			<b>16</b>

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Aplícase a estrutura e o contido dun plan de márketing ao comercio electrónico, adaptándoo á planificación e ás necesidades da empresa alimentaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - Traballo na empresa</li> </ul>	S	100
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Plans de márketing de produtos alimentarios aplicados ao comercio electrónico: análise de situación, obxectivos, estratexias, tácticas, ferramentas, orzamento e analítica de control e seguimento.

##### 4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividades na empresa. - Actividades que se desenvolverán na empresa.		<ul style="list-style-type: none"> <li>Traballo na empresa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Traballo na empresa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Materiais da empresa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - Traballo na empresa</li> </ul>	16,0
<b>TOTAL</b>						<b>16,0</b>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Plan de comercio electrónico	23

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora plans de comercio electrónico en establecementos alimentarios, tendo en conta as novas formas de relación co público obxectivo e as estratexias dixitais existentes	SI

**4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Deseño do plan de comercio	1	Elaborar plans de comercio electrónico	23,0
<b>TOTAL</b>			<b>23</b>

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Aplícase a estrutura e o contido dun plan de márketing ao comercio electrónico, adaptándoo á planificación e ás necesidades da empresa alimentaria	● PE.1 - Traballo de clase	S	14
CA1.2 Seleccionáronse os axentes que interveñen nas canles de distribución en liña, en función das súas características e da súa operatividade	● PE.2 - Traballo de clase	S	14
CA1.3 Aplícanse estratexias de comercio electrónico determinadas no plan de márketing	● PE.3 - Traballo de clase	S	15
CA1.4 Posiciónouse o comercio alimentario en liña en buscadores, en servidores de aplicacións de mapas ou de xeolocalización e en buscadores de comparación de prezos	● PE.4 - Traballo de clase	S	14
CA1.5 Identifícanse dispositivos de atención á clientela mediante sistemas de comunicación electrónica, atendendo ás suxestións e ás consultas que melloran a calidade da empresa	● PE.5 - Traballo de clase	S	14
CA1.6 Establecéronse obxectivos e indicadores do rendemento do tráfico da páxina web, en función da segmentación de mercado incluída no plan de márketing	● PE.6 - Traballo de clase	S	15
CA1.7 Estímase o custo de accións de márketing en liña segundo o orzamento establecido da empresa	● PE.7 - Traballo de clase	S	14
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Plans de márketing de produtos alimentarios aplicados ao comercio electrónico: análise de situación, obxectivos, estratexias, tácticas, ferramentas, orzamento e analítica de control e seguimento.
Selección de axentes. Canles de distribución en liña. Características e operatividade.
Posicionamento en buscadores, en servidores de aplicacións de mapas ou de xeolocalización e en comparadores de prezos.
Establecemento de dispositivos de atención á clientela. Comunicación electrónica. Suxestións e consultas. Mellora de calidade da empresa.
Obxectivos e indicadores de rendemento da páxina web. Segmentación do mercado.
Orzamento e estimación de custos dunha páxina web.

**4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Elaborar plans de comercio electrónico		<ul style="list-style-type: none"> <li>Deseño do plan de comercio</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Plan de comercio</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ordenadores e programas informáticos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Traballo de clase</li> <li>PE.2 - Traballo de clase</li> <li>PE.3 - Traballo de clase</li> <li>PE.4 - Traballo de clase</li> <li>PE.5 - Traballo de clase</li> <li>PE.6 - Traballo de clase</li> <li>PE.7 - Traballo de clase</li> </ul>	23,0
<b>TOTAL</b>						<b>23,0</b>

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Formación en empresa.	48

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Xestiona a recepción, a entrega e o cobramento de pedidos, elabora orzamentos, distribúe produtos e realiza o seguimento bancario da venda en liña	SI

**4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Realización de tarefas relacionadas co ecommerce	1	Actividades na empresa.	48,0
<b>TOTAL</b>			<b>48</b>

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Recibíronse os pedidos en liña	• OU.1 - Traballo na empresa	S	12
CA2.2 Elaborouse o orzamento de pedidos de alimentos	• OU.2 - Traballo na empresa	S	13
CA2.3 Comunicouse o orzamento e as condicións de entrega do produto, verificouse que cumpria o demandado polo/a cliente/a e, de ser o caso, arranxáronse as deficiencias	• OU.3 - Traballo na empresa	S	12
CA2.4 Cobrouse o pedido de alimentos mediante medios de pagamento telemáticos indicados na páxina web, a través de canles que garantan a seguridade da operación	• OU.4 - Traballo na empresa	S	13
CA2.5 Ordenouse a distribución e o seguimento do envío e a entrega do pedido ao/á cliente/a nos prazos e no lugar acordados, a través dos medios de distribución adecuados á operación	• OU.5 - Traballo na empresa	S	12
CA2.6 Deseñouse unha estratexia de reembolsos, que teña en conta as devolucións da clientela e os erros na entrega	• OU.6 - Traballo na empresa	S	13
CA2.7 Efectuouse o seguimento bancario da venda en liña, comprobando que se realizaran os ingresos polas vendas e devolucións dos pedidos enviados e, de ser o caso, arranxáronse as deficiencias	• OU.7 - Traballo na empresa	S	12
CA2.8 Comprobouse que se cobraran as vendas realizadas a través de intermediarios, de acordo coas condicións pactadas	• OU.8 - Traballo na empresa	S	13
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Recepción de pedidos: orde de chegada, tempo de entrega, tipo de produto e ofertas.
Elaboración do orzamento de pedidos. Petición da clientela, tipo de produto e prezo ou oferta.
Comunicación do orzamento e condicións de entrega. Arranxo de deficiencias.
Cobramento en liña. Canles de pagamento. Medidas de seguridade.
Distribución, seguimento e entrega do envío. Medios de envío.

Contidos
Reembolsos, devolucións e seguimento bancario. Corrección de erros e deficiencias na entrega.
Vendas a través de intermediarios. Condicións pactadas e cobramentos.

**4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividades na empresa. - Actividades que se desenvolverán na empresa.					<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.1 - Traballo na empresa</li> <li>• OU.2 - Traballo na empresa</li> <li>• OU.3 - Traballo na empresa</li> <li>• OU.4 - Traballo na empresa</li> <li>• OU.5 - Traballo na empresa</li> <li>• OU.6 - Traballo na empresa</li> <li>• OU.7 - Traballo na empresa</li> <li>• OU.8 - Traballo na empresa</li> </ul>	48,0
<b>TOTAL</b>						<b>48,0</b>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Creación da tenda	18

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Constitúe unha tenda en liña de produtos alimentarios, aplicando padróns informáticos	SI

**4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Creación da tenda en liña	1	Constitución dunha tenda en liña	18,0
<b>TOTAL</b>			<b>18</b>

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Definíronse a estrutura básica do comercio alimentario en liña e os seus elementos, en relación coa actividade comercial á que se destinan	• PE.1 - Traballo de clase	S	11
CA1.2 Integrouse o comercio alimentario en liña nun comercio físico xa existente	• PE.2 - Traballo de clase	S	11
CA1.3 Inscribiuse a tenda en liña no rexistro correspondente, co fin de realizar transaccións económicas e monetarias, emitir facturas e abrir contas bancarias	• PE.3 - Traballo de clase	S	11
CA1.4 Creouse unha web de comercio alimentario adaptada ao público ao que se dirixa e aos sistemas de acceso virtual	• PE.4 - Traballo de clase	S	12
CA1.5 Elaboráronse deseños responsables, amigables e utilizables de tendas en liña, tendo en conta as características requiridas e as condicións de accesibilidade e deseño universais	• PE.5 - Traballo de clase	S	11
CA1.6 Aloxáronse os ficheiros compoñentes do sitio web en servidores propios ou alleos, segundo criterios de operatividade	• PE.6 - Traballo de clase	S	11
CA1.7 Seleccionáronse plataformas de código aberto, padróns e deseños acordos co negocio alimentario da tenda en liña	• PE.7 - Traballo de clase	S	11
CA1.8 Instaláronse dispositivos de atención á clientela en función da atención a preguntas frecuentes, problemas da clientela, instrucións de uso en pagamentos, suxestións e queixas	• PE.8 - Traballo de clase	S	11
CA1.9 Definíronse as medidas requiridas para as transaccións seguras, respectando a lexislación en materia de protección do/da consumidor/a	• PE.9 - Traballo de clase	S	11
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Determinación da estrutura básica dun comercio alimentario en liña e dos elementos que a compoñen.
Integración de comercios en liña en comercios físicos.
Inscrición e habilitación da tenda en liña no rexistro. Creación de empresas de estudantes. Transaccións económicas. Emisión de facturas. Apertura e mantemento de contas bancarias.
Constitución dunha web de produtos alimentarios. Características. Deseño: responsable, amigable e utilizable. Condicións de accesibilidade e deseño universais.

**Contidos**

Aloxamento de ficheiros en servidores propios e alleos.

Instalación de dispositivos de atención á clientela: comunicación electrónica, teléfono de contacto, chat e redes sociais.

Establecemento de medidas de seguridade. Lexislación. Protección do/da consumidor/a. Transaccións seguras.

**4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Constitución dunha tenda en liña		<ul style="list-style-type: none"> <li>Deseño inicial da tenda en liña</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Tenda en liña</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ordenadores e programas informáticos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Traballo de clase</li> <li>PE.2 - Traballo de clase</li> <li>PE.3 - Traballo de clase</li> <li>PE.4 - Traballo de clase</li> <li>PE.5 - Traballo de clase</li> <li>PE.6 - Traballo de clase</li> <li>PE.7 - Traballo de clase</li> <li>PE.8 - Traballo de clase</li> <li>PE.9 - Traballo de clase</li> </ul>	18,0
<b>TOTAL</b>						<b>18,0</b>



**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Xestión da tenda	18

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Xestiona a recepción, a entrega e o cobramento de pedidos, elabora orzamentos, distribúe produtos e realiza o seguimento bancario da venda en liña	SI

**4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Traballo cos módulos de encomendas e cobramento	1	Xestionar a tenda	18,0
<b>TOTAL</b>			<b>18</b>

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Recibíronse os pedidos en liña	● PE.1 - Traballo de clase	S	12
CA2.2 Elaborouse o orzamento de pedidos de alimentos	● PE.2 - Traballo de clase	S	12
CA2.3 Comunicouse o orzamento e as condicións de entrega do produto, verificouse que cumpria o demandado polo/a cliente/a e, de ser o caso, arranxáronse as deficiencias	● PE.3 - Traballo de clase	S	12
CA2.4 Cobrouse o pedido de alimentos mediante medios de pagamento telemáticos indicados na páxina web, a través de canles que garantan a seguridade da operación	● PE.4 - Traballo de clase	S	13
CA2.5 Ordenouse a distribución e o seguimento do envío e a entrega do pedido ao/á cliente/a nos prazos e no lugar acordados, a través dos medios de distribución adecuados á operación	● PE.5 - Traballo de clase	S	12
CA2.6 Deseñouse unha estratexia de reembolsos, que teña en conta as devolucións da clientela e os erros na entrega	● PE.6 - Traballo de clase	S	13
CA2.7 Efectuouse o seguimento bancario da venda en liña, comprobando que se realizaran os ingresos polas vendas e devolucións dos pedidos enviados e, de ser o caso, arranxáronse as deficiencias	● PE.7 - Traballo de clase	S	13
CA2.8 Comprobouse que se cobraran as vendas realizadas a través de intermediarios, de acordo coas condicións pactadas	● PE.8 - Traballo de clase	S	13
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Recepción de pedidos: orde de chegada, tempo de entrega, tipo de produto e ofertas.
Elaboración do orzamento de pedidos. Petición da clientela, tipo de produto e prezo ou oferta.
Comunicación do orzamento e condicións de entrega. Arranxo de deficiencias.
Cobramento en liña. Canles de pagamento. Medidas de seguridade.
Distribución, seguimento e entrega do envío. Medios de envío.

Contidos
Reembolsos, devolucións e seguimento bancario. Corrección de erros e deficiencias na entrega.
Vendas a través de intermediarios. Condicións pactadas e cobramentos.

**4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Xestionar a tenda		<ul style="list-style-type: none"> <li>Xestión dos módulos de encomendas e cobramento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Tenda en liña accesible para os clientes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ordenadores e programas informáticos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Traballo de clase</li> <li>PE.2 - Traballo de clase</li> <li>PE.3 - Traballo de clase</li> <li>PE.4 - Traballo de clase</li> <li>PE.5 - Traballo de clase</li> <li>PE.6 - Traballo de clase</li> <li>PE.7 - Traballo de clase</li> <li>PE.8 - Traballo de clase</li> </ul>	18,0
<b>TOTAL</b>						<b>18,0</b>

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Mantemento	18

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza o mantemento da páxina web corporativa, a tenda electrónica e o catálogo en liña, actualizando a información da páxina web e atendendo a clientela de xeito inmediato	SI

**4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Mantemento da tenda en liña	1	Realizar o mantemento da web	18,0
<b>TOTAL</b>			<b>18</b>

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Actualizáronse os ficheiros que compoñen as páxinas web e utilizáronse programas específicos de inclusión de textos, imaxes e son	● PE.1 - Traballo de clase	S	12
CA3.2 Elaboráronse fichas de produtos e catálogos electrónicos e posicionáronse en páxinas web de comparación de prezos, para facilitar a súa lectura e a súa comprensión	● PE.2 - Traballo de clase	S	13
CA3.3 Enviáronse os ficheiros web actualizados ao servidor de internet mediante programas especializados nesa tarefa	● PE.3 - Traballo de clase	S	12
CA3.4 Actualizouse o deseño da web, procurando a súa eficiencia e a súa rendibilidade comercial	● PE.4 - Traballo de clase	S	13
CA3.5 Melloráronse as ligazóns, a estrutura e as procuras da páxina web capaces de xerar tráfico orientado á oferta, para facilitar a navegación pola tenda en liña	● PE.5 - Traballo de clase	S	12
CA3.6 Atendeuse a clientela na súa consulta en tempo real a través dos dispositivos instalados	● PE.6 - Traballo de clase	S	13
CA3.7 Actualizáronse as bases de datos de clientela, produtos e prezos relacionadas coa actividade comercial	● PE.7 - Traballo de clase	S	12
CA3.8 Avaliáronse as accións de mantemento realizadas, en función da resposta recibida por parte da clientela	● PE.8 - Traballo de clase	S	13
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Actualización de ficheiros da páxina web: novos produtos, tendencias de mercado, promocións e gustos da clientela. Programas informáticos: de texto, imaxe e son.
Elaboración de fichas de produtos e catálogos electrónicos. Posicionamento na web.
Actualización e deseño da páxina web. Mellora de ligazóns. Eficiencia e rendibilidade comercial.
Atención á clientela en tempo real. Dispositivos electrónicos.
Actualización de ficheiros de clientela, produtos e prezos.

**Contidos**

Retroalimentación e accións de mantemento.

**4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Realizar o mantemento da web		<ul style="list-style-type: none"> <li>Mantemento da tenda en liña</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Tenda en liña optimizada</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Traballo cos módulos de encomendas e cobramento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Traballo de clase</li> <li>PE.2 - Traballo de clase</li> <li>PE.3 - Traballo de clase</li> <li>PE.4 - Traballo de clase</li> <li>PE.5 - Traballo de clase</li> <li>PE.6 - Traballo de clase</li> <li>PE.7 - Traballo de clase</li> <li>PE.8 - Traballo de clase</li> </ul>	18,0
<b>TOTAL</b>						<b>18,0</b>

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Rendemento	18

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Valora o rendemento do comercio electrónico alimentario, analizando os datos de tráfico e resultado do negocio, aplicando instrumentos de avaliación	SI

**4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Traballo con KPIs e indicadores para analizar e mellorar a tenda	1	Valorar o rendemento da tenda	18,0
<b>TOTAL</b>			<b>18</b>

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Aplicáronse as medidas de mellora do rendemento de campañas publicitarias en liña, en función do aumento do tráfico de visitas ao sitio web e o volume de vendas do comercio electrónico	● PE.1 - Traballo de clase	S	14
CA4.2 Valoráronse os indicadores de rendemento do tráfico no comercio electrónico e o seu impacto, utilizando ferramentas de analíticas web gratuítas e de pagamento	● PE.2 - Traballo de clase	S	14
CA4.3 Relaciónáronse as ratios principais de análise do retorno de investimentos en publicidade en liña co resultado das vendas do comercio electrónico alimentario	● PE.3 - Traballo de clase	S	14
CA4.4 Valorouse a satisfacción das persoas compradoras en liña, calculando a taxa de fidelización	● PE.4 - Traballo de clase	S	16
CA4.5 Avaliouse a rastrexabilidade da distribución dos produtos á clientela, modificando a planificación das rutas de repartición, o tempo acordado, os recursos humanos e o estado de entrega do produto	● PE.5 - Traballo de clase	S	14
CA4.6 Valoráronse os medios de pagamento utilizados, atendendo ás características da tenda en liña de alimentación e os gastos bancarios xerados	● PE.6 - Traballo de clase	S	14
CA4.7 Valorouse a rendibilidade económica da tenda en liña, comparando o volume de negocio xerado cos gastos	● PE.7 - Traballo de clase	S	14
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Medidas de mellora de campañas publicitarias en liña, volume de visitas e tráfico de vendas.
Valoración do rendemento dos indicadores do tráfico e do impacto. Ferramentas de análise: gratuítas e de pagamento.
Relación e análise de ratios: investimentos, contorno e resultado de venda.
Valoración da satisfacción da clientela. Taxa de fidelización.
Avaliación da rastrexabilidade da distribución. Planificación e modificación de rutas de repartición: recursos humanos, tempo acordado e estado de entrega do produto.
Avaliación de medios de pagamento en liña. Gastos bancarios.

**Contidos**

Valoración da rendibilidade económica da tenda en liña: volume de negocio e gastos de distribución, de persoal e de publicidade.

**4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Valorar o rendemento da tenda		<ul style="list-style-type: none"> <li>Creación KPIs e indicadores para analizar e mellorar a tenda</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise do funcionamento da tenda</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>KPIs e indicadores para analizar e mellorar a tenda</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Traballo de clase</li> <li>PE.2 - Traballo de clase</li> <li>PE.3 - Traballo de clase</li> <li>PE.4 - Traballo de clase</li> <li>PE.5 - Traballo de clase</li> <li>PE.6 - Traballo de clase</li> <li>PE.7 - Traballo de clase</li> </ul>	18,0
<b>TOTAL</b>						<b>18,0</b>

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A avaliación da aprendizaxe dos alumnos será continua, precisando da entrega das actividades programadas e presentación en prazo dos traballos prácticos propostos. Sen a entrega de todas as actividades non se poderá superar o módulo.

A avaliación continua realízase valorando os traballos e actividades e a resolución dos exercicios e exames que en cada caso se realicen.

As probas obxectivas terán a finalidade de coñecer e avaliar o grao de comprensión dos contidos que van adquirindo os alumnos e que serán valorados de 1 a 10 puntos, sendo necesario un 5 para obter a cualificación positiva do módulo.

Os mínimos exigibles son os reflectidos nas táboas do apartado 4. c. de cada unha das unidades didácticas, na que ademais indicamos que peso na cualificación ten cada un dos criterios de avaliación que compoñen cada unidade.

Respecto aos criterios de cualificación para as avaliacións ordinarias serán:

- A cualificación será de 1 a 10 puntos, considerándose necesario para superar o módulo a puntuación mínima de 5 puntos, redondeándose as cualificacións ao enteiro máis próximo.
- A avaliación farase por unidades formativas sendo necesario superar cada unha das dúas unidades formativas que o compoñen para superar o módulo.
- As avaliacións parciais (primeira e segunda) avaliaranse realizando unha media ponderada da nota de cada unidade didáctica desenvolta en cada período. De tal xeito que se calculará tendo en conta o seu peso no conxunto da cualificación.

A cualificación de cada Unidade Didáctica seguirá os instrumentos de avaliación mencionados anteriormente de tal xeito que en cada unidade didáctica, e por tanto, a nivel trimestral, a avaliación estará distribuída do seguinte xeito:

- Proba escrita, que suporá o 40% da nota da Unidade. Realizarase una proba escrita, en forma de exame, que suporá o 40% da nota. Terá as seguintes características

- Puntuaranse do 1 ao 10
- Para poder avaliar ao alumnado neste módulo este deberá ter aprobado con 5 mínimo esta proba escrita
- En caso de non superala realizarase unha recuperación antes da avaliación.

- Prácticas, que suporán o 60 % das notas (a través de listas de cotexo ou escalas de valoración). Consistirán en traballos en equipos ou individuais. Serán puntuadas do 1 ao 10 en base ao cumprimento dunha serie de requisitos establecidos pola profesora. Nas prácticas grupais, se algún membro do grupo non cumpre cos requisitos esixidos de traballo para cada proba, recibirá a calificación acorde co traballo realizado. Dentro deste apartado terase en conta non só a calidade en canto aos contidos (realización dos procedementos de xeito correcto) senón que tamén se terá en conta a actitude ante ese traballo.

Para facer máis eficiente o traballo do alumnado poderase agrupar a avaliación das unidades didácticas na súa vertente de proba escrita nunha mesma proba para dúas unidades didácticas.

Será requisito indispensable para superar o módulo, ter aprobadas as dúas avaliacións.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

As actividades de recuperación realizaranse en base aos criterios de avaliación non superados. De xeito que o alumnado teña que recuperar os criterios de avaliación non superados.

-Actividades de recuperación das avaliacións parciais:

A recuperación da 1ª e 2ª avaliacións parciais farase antes de cada avaliación. Consistirá nunha proba de carácter teórico ou práctico en base aos criterios de avaliación non superados. Puidendo consistir nunha proba escrita ou na entrega de traballos en función dos criterios de avaliación suspensos.

#### **PROBA FINAL**

Haberá unha proba final con todos os contidos para quen non teña superado o módulo ou algunha das avaliacións.

Será requisito indispensable para superar o módulo, ter aprobadas as dúas avaliacións.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Para o alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua realizaráselles unha proba final extraordinaria con anterioridade á realización da FCT, e a cualificación obtida na proba poderá consignarse na avaliación parcial previa á FCT.

Esta consistirá nunha única proba escrita baseada nos contidos mínimos, que será valorada de 1 a 10 puntos. Será necesario un 5 para acadar unha avaliación positiva.

O alumnado que nesta avaliación teña superados todos os módulos poderá realizar a FCT co resto do alumnado.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe vains permitir avaliar a actividade docente, e deste xeito poder mellorar aqueles aspectos que sexan deficientes ou non acaden as expectativas desexadas.

Mensualmente farase unha valoración sobre o seguimento da programación.

Ao final do ciclo ou curso, os datos tomados durante o desenvolvemento da programación permitirán avaliar e tomar decisións de modificación das programacións. Mellorar a programación para o curso seguinte e solucionar aquelas deficiencias que puidera ter esta.



## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Consistirá nunha posta en común do equipo docente sobre as características xerais do grupo e as circunstancias particulares, con incidencia educativa en determinados alumnos.

Terá por obxecto coñecer as características, capacidades dos alumnos e súa formación previa, todo encamiñado a tomar as medidas de reforzo que se estimen oportunas

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dentro do desenvolvemento didáctico deste módulo profesional aplicaranse as medidas necesarias para dar resposta ao alumnado con necesidades educativas específicas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

É importante destacar que con este módulo non só se pretende acadar as capacidades ou obxectivos anteriormente expostos, senón que ademais estableceremos obxectivos en relación cos temas transversais, co uso adecuado das tecnoloxías da información e comunicación, e coa prevención de riscos laborais derivados do exercicio profesional.

Temas transversais:

Se temos en conta que o centro educativo non so serve a fins individuais, senón tamén a fins sociais, e que prepara para vivir como adultos responsables, entendemos perfectamente que se aborden xunto a temas formativos-científicos, temas transversais que dean resposta a outras necesidades básicas, referidas principalmente a valores, ideoloxías, modos, etc. Por elo, establecemos o seguinte obxectivo para noso módulo profesional:

Resolver os conflitos mediante o diálogo, sendo transixentes e aceptando as ideas dos demais como bases dunha convivencia en paz, así como respectar a todas as persoas sexa cal sexa a súa condición social, sexual, racial ou as súas crenzas.

Na formación do alumno ademais do coñecemento científico correspondente ás distintas áreas, convén que se formen en aspectos relativos á convivencia. Estes temas non son específicos de ningunha área, pero todas elas poden tratarlos. Os temas a tratar son:

A educación para a igualdade de oportunidade de ambos sexos

- Terá un tratamento fundamentalmente metodolóxico, coidando aspectos como; nivel de expectativas iguais ante alumnos e alumnas, idéntica dedicación a ambos sexos, evitar actitudes protectoras cara as alumnas e asignar tarefas de responsabilidade en función das capacidades individuais.

A educación ambiental

- Potenciaranse as actitudes persoais de aproveitamento de materiais nas aulas

A adecuación para a saúde e calidade de vida.

- Traballarase a atención e respecto das normas de uso das ferramentas e aparellos do laboratorio. Traballarase tamén o respecto polo orde e a limpeza no posto de traballo.

A educación para o consumidor

- Potenciarase o consumo moderado e responsable de recursos e materiais funxibles. Potenciarase tamén a aplicación de criterios de racionalidade enerxética naqueles temas sensibles.

Outros temas que tamén se poden tratar son:

Educación para a paz.

Educación moral e cívica.

Educación para o lecer.

Educación vial.

Educación sexual.

Uso das tecnoloxías da información e comunicación.

De igual modo, e posto que hoxe en día estamos inmersos na era da sociedade da información, non debemos descoidar o uso que o alumnado pode facer das tecnoloxías dispoñibles para a busca e comunicación da información. Por elo, establecemos os seguintes obxectivos relacionados co uso adecuado das tecnoloxías da información e comunicación para o módulo profesional:

Utilizar satisfactoriamente as diferentes ferramentas e técnicas propias das tecnoloxías da información e comunicación para a busca da información, discriminando e contrastando a veracidade e corrección da información obtida.

Ademais, estes contidos novamente se desenvolverán a o largo de todas e cada unha das unidades didácticas.

Prevención de riscos laborais

Por último, e dado que a finalidade última de o ciclo formativo é formar profesionais que poidan incorporarse directamente o mundo laboral, é necesario que o noso alumnado coñeza os riscos laborais propios da súa profesión. Concretamente en este módulo os riscos laborais máis importantes están directamente relacionados tanto con unha mala organización do posto de traballo como con unha mala ergonomía no mesmo.

Es por elo, que estableceremos en o módulo profesional o seguinte obxectivo:

Coñecer e respectar as principais normas de prevención de riscos laborais no posto de traballo.

Estes contidos vanse a secuenciar de maneira transversal o largo do módulo profesional, de forma que a finalización do mesmo se desenvolvesen completamente

## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Programación de actividades que se relacionen, sempre que sexa posible, con capacidades que se deriven do perfil profesional e a súa adaptación aos requisitos profesionais da súa contorna.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Metodoloxía na ensinanza a distancia

O módulo disporá dun curso aberto na aula virtual do centro. Esta aula será a vía principal para a ensinanza telemática e será a vía de comunicación co alumnado.

Para a ensinanza telemática contémpanse tres posibles escenarios:

Metodoloxía no caso de ensinanzas telemática parcial (arredor do 20%):

Durante o horario da ensinanza telemática o alumnado resolverá, a maior parte do tempo, tarefas encargadas polo profesor. Durante este horario o profesor permanecerá conectado a aula virtual e a disposición para a resolución de dúbidas.

Excepcionalmente pódense utilizar outras metodoloxías como a gravación de vídeos explicativos que se colgarían na aula virtual ou tamén explicacións por medio de videoconferencia.

Metodoloxía no caso de ensinanza telemática total (por confinamento)

Nesta situación farase un uso como mais extensivo tanto dos vídeos como das explicacións por medio de videoconferencia.

Metodoloxía no caso de ensinanza telemática para algún alumno en corentena

O alumnado terá a súa disposición, na aula virtual, todo o material necesario para o seguimento do módulo e a realización das tarefas que corresponda facer nese período.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	Luís Seoane	Pontevedra	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CMCOM02	Comercialización de produtos alimentarios	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1614	Ofimática aplicada ao comercio alimentario	2023/2024	7	132	158

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	IRIA MORGADE VALCÁRCEL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coa empresa XXXXXXXXXXXX, no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				
					161400				
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	63	40	X				
2	Realización de materiais informativos do comercio alimentario con presentacións de textos e imaxes	Realizar de materiais informativos	22	15		X			
3	Confección de folletos publicitarios para comercios alimentarios	Confeccionar folletos publicitarios	20	12			X		
4	Elaboración documentos de rexistro e cálculo de provedores, clientela e produtos	Elaborar documentación de rexistro	23	13				X	
5	Organización da información e a documentación asociada á actividade comercial e actualización de bases de datos relacionados coa actividade comercial alimentaria	Manter e actualizar bases de datos	30	20					X
Total:			158						

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	63

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza materiais informativos do comercio alimentario con presentacións de textos e imaxes, utilizando aplicacións informáticas de procesamento de textos e de presentacións	SI

##### 4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Realización de materiais informativos do comercio alimentario con presentacións de textos e imaxes	1	Actividades na empresa.	63,0
<b>TOTAL</b>			<b>63</b>

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Elaboráronse e editáronse escritos de comercio alimentario mediante aplicacións ofimáticas de procesamento de textos	● PE.1 - Traballo de clase	N	12
CA1.2 Importáronse e exportáronse datos sobre produtos alimentarios creados con outras aplicacións e formatos, para a súa adaptación ás necesidades do negocio	● PE.2 - Traballo de clase	N	12
CA1.3 Realizouse a maquetaxe ofimática de textos informativos e ilustracións relativas ao comercio alimentario, elaborando índices temáticos, alfabéticos e de ilustracións, atendendo á importancia da posición e o número de páxina	● PE.3 - Traballo de clase	N	13
CA1.4 Trátáronse os textos de presentacións publicitarias de negocios alimentarios mediante aplicacións ofimáticas de presentación de diapositivas, acompañándoos de animacións de texto e imaxes libres de dereitos ou con dereitos adquiridos	● PE.4 - Traballo de clase	N	12
CA1.5 Trátáronse o estilo, o tipo e o corpo do texto de carteis e ofertas corporativas	● PE.5 - Traballo de clase	S	13
CA1.6 Exportáronse os materiais informativos maquetados para a súa difusión mediante impresión ou publicación en liña	● PE.6 - Traballo de clase	S	13
CA1.7 Deseñáronse presentacións mestras que sirvan de base para a creación doutras presentacións	● PE.7 - Traballo de clase	S	13
CA1.8 Protexéronse os materiais elaborados mediante protocolos de seguridade, para evitar posibles incidencias	● PE.8 - Traballo de clase	S	12
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Edición de textos comerciais de tema alimentario mediante aplicacións informáticas.
Importación e exportación de datos sobre produtos alimentarios. Conversión de datos entre aplicacións informáticas.
Maquetaxe ofimática relativa ao comercio alimentario: textos e ilustracións; paxinación. Elaboración de índices temáticos, alfabéticos e de ilustracións. Publicacións en liña. Aplicacións ofimáticas de maquetaxe.
Presentación de diapositivas comerciais de tema alimentario. Presentacións publicitarias. Tratamento do texto. Estilo. Imaxes e sons libres de dereitos. Aplicacións ofimáticas de presentacións.

Contidos
Elaboración de carteis e ofertas corporativas. Publicación impresa. Publicación e difusión en liña.
Elaboración de presentacións mestras.
Protección de materiais elaborados e protocolos de seguridade. Tratamento de incidencias.

**4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividades na empresa. - Actividades que se desenvolverán na empresa.					<ul style="list-style-type: none"> <li>● PE.1 - Traballo de clase</li> <li>● PE.2 - Traballo de clase</li> <li>● PE.3 - Traballo de clase</li> <li>● PE.4 - Traballo de clase</li> <li>● PE.5 - Traballo de clase</li> <li>● PE.6 - Traballo de clase</li> <li>● PE.7 - Traballo de clase</li> <li>● PE.8 - Traballo de clase</li> </ul>	63,0
<b>TOTAL</b>						<b>63,0</b>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Realización de materiais informativos do comercio alimentario con presentacións de textos e imaxes	22

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Confecciona folletos publicitarios para comercios alimentarios e utiliza padróns de programas ofimáticos de edición e de deseño gráfico	SI

**4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Maquetaxe de folletos e catálogos publicitarios.	1	Confeccionar folletos publicitarios para comercios alimentarios e utilizar padróns de programas ofimáticos de edición e de deseño gráfico	22,0
<b>TOTAL</b>			<b>22</b>

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Seleccionouse a información que deben incluír os materiais publicitarios de comercio alimentario e as súas características de deseño	● PE.1 - Traballo de clase	S	12
CA2.2 Editouse a composición das imaxes de folletos publicitarios ofimáticos	● PE.2 - Traballo de clase	S	12
CA2.3 Maquetáronse folletos publicitarios organizados segundo a súa mensaxe, a proporción, o equilibrio e a simetría	● PE.3 - Traballo de clase	S	13
